



Por outro
decreto de
bacharelato



10% de suba
salarial no
transporte de
Pontevedra



Paraguai: fin
de un ciclo

tempo sindical

Voz da Confederação Intersindical Galega

XULLO 2008 ★ N° 57

Análise

A crise do modelo neoliberal

Reportaxe

Portugueses na construción en Galiza

Muller

A Lei de Igualdade, un ano despois

Laboral

Draka, un novo caso de deslocalización

Mar

Admitida a trámite a querela da CIG polo caso Cordero



Edita
Confederación
Intersindical Galega (CIG).

Comisión de Redacción
Manuel Mera, Elvira Patiño,
Xosé Francisco Miranda
Vigo, Rafa Villar, Fernando
Pol, Paula Castro, Zélia
García e Antón Álvarez.

Colaboracións
Clodomiro Montero,
Héctor López de Castro
e Moncho Boán.

Maqueta ArtDuo

Redacción do Tempo
Sindical
R/ Miguel Ferro Caaveiro, nº
10. Santiago 15703
Teléfono: 981 564 300.
Fax: 981 571 082

E-mail
cig.prensa@galizacig.com

Executiva Confederal da CIG
Suso Seixo, Consuelo
Martínez, Elvira Patiño,
Ramiro Oubiña, Antolín
Alcántara, Manuel Currás,
Bautista Vega, María do
Carme López Santamariña,
Fernando Sabio, Manuel
Mera, Xosé Francisco
Miranda Vigo e Mar Peteira.

Imprime Tameiga

Tiraxe
50.000 exemplares.

Depósito Legal C-1480/94

4 SUSO SEIXO: "A CRISE ECONÓMICA É CONSECUENCIA DUN MODELO CONCIBIDO PARA O ENRIQUECEMENTO DUNHA MINORÍA A CUSTO DE PRECARIZAR AS CONDICIÓNS DA MAIORÍA"

6 XAVIER VENCE: "A SITUACIÓN DE CRISE ECONÓMICA CONSTATA A FALSIDADE E A INVIABILIDADE DO MODELO NEOLIBERAL"

8 A CRISE ECONÓMICA: ALTERNATIVAS DA CIG

10 MÁIS DE 12.000 PORTUGUESES CRUZAN A FRONTEIRA PARA TRABALLAR NA CONSTRUCCIÓN NO NOSO PAÍS A DIARIO

14 DRAKA, UN NOVO CASO DE DESLOCALIZACIÓN

16 ARREDOR DE 15.000 PERSOAS COA CIG NO PRIMEIRO DE MAIO

18 "POR OUTRO DECRETO DE BACHARELATO"

20 ADMITIDA A TRÁMITE A QUERELA DA CIG CONTRA SETE ALTOS CARGOS POLA SÚA ACTUACIÓN NO NAUFRAXIO DO "CORDERO"

23 TRABALLANDO SEN PROTECCIÓN EN OBRAS CON AMIANTO

24 MOBILIZACIÓN NA SANIDADE PRIVADA POR UNHAS CONDICIÓNS LABORAIS DIGNAS

25 A DEDICACIÓN EXCLUSIVA DOS FACULTATIVOS DA SANIDADE PÚBLICA A DEBATE

26 MARTINSA-FADESA PREVÉ EMPRENDER UN EXPEDIENTE DE REGULACIÓN DE EMPREGO NA CORUÑA

27 CEDONOSA EN LOITA POLO MANTENIMENTO DOS POSTOS DE TRABALLO E A VIABILIDADE DA EMPRESA

28 ACADAN SUBAS SALARIAIS SUPERIORES AO 10% NO TRANSPORTE DE PONTEVEDRA

29 AS TRABALLADORAS DE PÉREZ LAFUENTE DESPOIS DUN MES DE MOBILIZACIÓN CONSEGUEN COMPROMISO DE CARGA DE TRABALLO

30 BREVES

32 A APLICACIÓN NO ÁMBITO LABORAL DA LEI ORGÁNICA DE IGUALDADE

34 A PROTECCIÓN AO EMBARAZO E A LACTACIÓN NATURAL: UN DEREITO


35 18 DE MAIO: HISTÓRICA MOBILIZACIÓN EN DEFENSA DO IDIOMA

38 A DIRECTIVA DOS TRABALLOS FORZADOS

40 COLOMBIA: O EXTERMINIO SINDICAL PLANIFICADO E SISTEMÁTICO

42 PARAGUAI: A FIN DUN CICLO

44 HAI UN SÉCULO: LOITA OBREIRA E REPRESIÓN NA AMÉRICA LATINA



Por un novo modelo socioeconómico

A crise económica que estamos a vivir pode ser un bo momento para reflexionar, para abrir un debate social, sobre as bondades ou non do actual sistema socioeconómico de capitalismo neoliberal, quen se está a beneficiar del, a que intereses de clase responde e se existen modelos económicos e sociais alternativos.

O modelo de capitalismo neoliberal, hexemónico no mundo desde inicios da década dos oitenta, sacraliza a economía de libre mercado, defende o mercado como o verdadeiro e único regulador da produción e comercialización de bens e servizos, é contrario a calquera intervención do Estado na planificación económica e busca maximizar a taxa de beneficio do capital. Detrás desta aparente liberdade nas relacións económicas existe todo un engano. A economía está controlada e planificada polas grandes multinacionais, polo capital transnacional que controla unha parte moi elevada das transaccións comerciais a nivel mundial, controlan gobernos e controlan as principais entidades financeiras internacionais (FMI, BM, BCEs) cunha incidencia moi directa na planificación económica de moitos países.

Son varios os mecanismos que utiliza o neoliberalismo para maximizar os beneficios do capital: o fomento do capital especulativo a través dos mercados de valores e de divisas; promovendo burbullas como a financeira, a inmobiliaria, a dos prezos do petróleo ou dos cereais; mediante políticas de moderación salarial e de precarización das condicións laborais coa conseguinte perda de poder adquisitivo dos salarios e diminución do seu peso no PIB; impondo políticas fiscais regresivas baseadas na redución dos impostos ás rendas máis altas e incrementando o peso dos impostos indirectos; privatizando as empresas públicas e os servizos públicos e sociais; etc. Todo isto faise a custo de sobreexplotar a clase traballadora, redu-

cirle os seus dereitos laborais, apropiarse do excedente económico dos países máis pobres e xerando maiores desigualdades sociais ao mesmo tempo que uns poucos se fan con grandes fortunas.

Estamos ante unha das crises económicas máis importantes nas últimas décadas e temos que facer todo o posíbel para que quen a pague sexa o capital e para que o modelo que saia despois da crise non sexa o mesmo que o actual. Temos que facer un traballo de conscienciación da poboación e temos que defender a necesidade de cambios estruturais que senten as bases para a construción do socialismo do século XXI.

Ante a crise económica é fácil que o capital decida profundar nas políticas neoliberais. Un exemplo disto está na recente decisión do Consello de Ministros de Traballo que acordou aprobar e remitir ao Parlamento Europeo unha directiva que contempla a ampliación de xornada máxima legal das 48 horas actuais até as 65, volvendo a unha situación dos primeiros anos do século XX.

Hai que tomar consciencia, hai que mobilizarse e hai que sumar a todo este debate e traballo a todas as organizacións sociais e políticas, especialmente ás do campo nacionalista.

Suso Seixo, Secretario Xeral da CIG

“A crise económica é consecuencia dun modelo concibido para o enriquecemento dunha minoría a custo de precarizar as condicións da maioría”

Coincidindo cos actos de conmemoración do Primeiro de Maio, a CIG puxo en marcha unha campaña alertando do alcance da crise económica e explicando as súas causas. Ante as raquílicas medidas adoptadas polo goberno e as cada vez máis regresivas políticas en materia laboral e social, vén de acordar darlle continuidade. Suso Seixo, Secretario Xeral, analiza a situación actual e incide na necesidade de que se articulen outras políticas que permitan non só enfrontar a crise, senón mesmo mudar o actual modelo socioeconómico capitalista neoliberal.

Por qué a CIG considera que o neoliberalismo é responsábel da actual situación de crise económica?

O sistema capitalista neoliberal parte da defensa ‘formal’ da economía de libre mercado co obxectivo de maximizar os beneficios do capital. Utiliza diversos mecanismos para ampliar esta taxa de ganancia: fomentando burbullas como a inmobiliaria, a do petróleo e dos cereais en beneficio do capital especulativo; incrementando artificialmente os prezos dos carburantes e dos alimentos a niveis desorbitados; reducindo o poder adquisitivo dos salarios; privatizando servizos e empresas públicas; reducindo a cobertura das prestacións sociais; flexibilizando e precarizando as condicións laborais e impondo un sistema fiscal regresivo que aposta por un modelo impositivo baseado nos impostos indirectos.

Como avalía a proposta de ampliación de xornada até as 65 horas?

É unha medida altamente regresiva que vulnera o dereito colectivo, trasladando as relacións laborais ao ámbito estritamente individual ao establecer que sería un pacto entre a empresa e o traballador. Insírese no conxunto de políticas neoliberais que veñen promovendo as institucións europeas e que xa estaban presentes no Tratado de Constitución ao que, no seu momento, nos opuxemos. Nunha etapa de crise había que tender ao reparto do traballo, pero en fomentase o



contrario. Favorece a legalización das xornadas de traballo abusivas, que xa existen hoxe malia estar fixada a xornada máxima legal, no ámbito da UE, en 48 horas.

O Ministro de Traballo do estado español abstívose na votación desta Directiva.

O PSOE actúa cunha dobre moral. Din que este tipo de xornada é regresiva pero cando teñen que tomar posicións, no Consello de Ministros de Traballo, abstéñense e o Ministro de Traballo mesmo se ausenta no momento da votación. Dá a entender que van adoptar unha actitude, senón activa de defensa da Directiva cando menos si pasiva, de non enfrontarse a este tipo de medidas. Xunto a iso está a hipocrisía de CCOO e UGT, que primeiro aparecen como grandes defensores do Tratado de Constitución Europea e logo maniféstanse contrarios a este tipo de medidas neoliberais que xa estaban na base dese tratado.

O goberno español, como está afrontando a crise?

Durante a campaña electoral non a quixeron recoñecer pero despois fíxose tan evidente que non a podían seguir negando. Limitáronse a aprobar medidas que non benefician realmente á clase traballadora: a devolución dos 400 euros aplicase a todos por igual independentemente dos ingresos e deixa fóra a todos os que non chegan ao mínimo para cotizar e que serían, precisamente,

os máis necesitados. Canto a subvencionar ou modificar os prazos de amortización das hipotecas, está pensado para reducir o risco de impagos ás entidades a -

des financeiras, cando deberían reducir o custo derivado do incremento dos tipos de xuros, que agravan aínda máis a situación económica da clase traballadora. Son medidas menores que non favorecen aos máis afectados pola crise.

Pedro Solbes anunciou que coa axuda dos 400 euros o estado quedaba sen fondos para poder adoptar outras medidas posteriores.

O estado si pode actuar mudando, por exemplo, o sistema fiscal, apostando por outro de carácter realmente progresivo no que se grave máis a quen teñen rendas máis altas, eliminando ou reduciendo de forma significativa o IVE nos produtos de consumo básicos e incrementándoo nos produtos de luxo, que son os que consumen as rendas máis altas. Garantiríanse así os ingresos do estado para podelos redistribuír en función das necesidades da maioría social. As outras son medidas de carácter electoralista. Eles saben que o poden facer pero non queren.

Como se podería incidir para introducir cambios nese modelo?

Desde a CIG imos pór en marcha unha campaña de conscienciación entre a poboación. Teñen que coñecerse as causas desta crise económica que é hoxe unha realidade. Hai xa unha redución significativa do crecemento económico e un incremento importante do número de empresas que presentan suspensión de pagamentos ou van ao peche directamente, aumentou o desemprego, incrementáronse de forma significativa os prezos das hipotecas e, en consecuencia o número de impagados... Pero tamén é importante que a poboación se decate de que esta crise non é casual senón consecuencia dun modelo montado para o enriquecemento dunha minoría, a custo de precarizar as condicións laborais e de vida da grande maioría social, da clase traballadora, e de roubarlle a riqueza

ao países do chamado III Mundo. Hai que dar ese debate e hai que loitar por modelos socioeconómicos diferentes, que os hai.

Cal é a proposta da CIG?

Nas nosas resolucións congresuais temos aprobado a defensa do socialismo como modelo alternativo ás inxustizas, para a clase traballadora, do modelo capitalista. Hai moitas organizacións e mesmo gobernos a nivel mundial que xa están a camiñar nesa vía, promovendo cambios estruturais dirixidos a reforzar a capacidade de decisión dos estados na planificación económica e onde se está mesmo a cuestionar quen teñen que ser os donos dos medios de produción e os beneficiarios da acumulación xerada polo traballo. As circunstancias non son favorábeis para encetar un cambio desa envergadura pero si é posíbel introducir medidas que cuestionen o neoliberalismo e que impidan que a crise económica a pague novamente a clase traballadora. Aínda así, desde a CIG deseñamos unha campaña e elaboramos un documento onde se recollen medidas tanto no ámbito da negociación colectiva como de carácter social, económico, fiscal e outras relacionadas coa soberanía política da nosa nación. Nun contexto como o noso no que a tendencia é que as decisións de carácter político, económico, social ou cultural se tomen en instancias de carácter supranacional, onde a capacidade de control por parte da cidadanía, das organizacións sociais e da clase traballadora, é cada vez é menor é evidente que Galiza necesita ter máis competencias para poder afrontar, nas mellores condicións posíbeis, a defensa dos nosos intereses. E temos que conseguir que o Parlamento galego sexa realmente soberano e con capacidade para decidir sobre cal queremos que sexa o modelo de desenvolvemento económico e social do noso país. ■



Xavier Vence

«A situación de crise económica constata a falsidade e a inviabilidade do modelo neoliberal»

O catedrático de Economía da Universidade de Santiago, Xavier Vence, analiza na presente entrevista a actual situación de crise económica, as súas orixes e o seu alcance. Para Vence estamos asistindo a unha crise do propio modelo neoliberalismo. Porén, as alternativas que se poñan en marcha dependerán, segundo el mesmo explica, da “correlación de forzas e da habilidade de cada sector social para impor a súa visión”.

Como se chega á actual situación de crise económica?

A **manifestación** máis explícita é a crise hipotecaria que se produce no 2006 nos EEUU, derivada das chamadas ‘subprimes’, hipotecas lixo coas que viña operando o sistema financeiro norteamericano nunhas condicións de dubidoso cobro, para tirar da economía. Coa crise das hipotecas lixo provócase unha crise no sistema financeiro e bancario no seu conxunto. Prodúcese ademais, no corazón do sistema, que vivía dun bombeo de diñeiro á marxe da economía real. Comeza como unha crise financeira pero acaba por revelar, dada a súa profundidade, unha crise do modelo económico neoliberal de acumulación no que se baseou a economía americana nestes últimos lustros.

Malia ter a súa orixe nos Estados Unidos trasládase inmediatamente ao resto do planeta, por que?

A **banca** e o sistema financeiro americano son os máis importantes do mundo e marcan a pauta. O dólar é a moeda

clave de todo ese sistema polo que afecta tamén á economía produtiva, que atopa problemas para financiar as súas operacións comerciais e de investimento. Onde a economía real estea máis consolidada, o impacto desa restrición de crédito, polo menos a curto prazo, vai ser menor e iso fai que boa parte de Europa e a economía chinesa aínda teñan unha marxe de manobra importante.

Nos EEUU adóptase como primeira medida unha baixada de tipos, pero en Europa o BCE toma a decisión de mantelos e mesmo de subilos.

Está condicionado pola situación da economía produtiva en cada caso. A europea é máis sólida e competitiva que a norteamericana. Porén, EEUU ten unhas marxes para actuar sobre a cotización do dólar e sobre o tipo de xuro da moeda moi superiores ao que ten a economía europea. No caso do euro hai unha baixada importante dos tipos de xuro, o que provoca é unha fuxida dos que teñen depósitos en euros porque deixan de ser rendíbeis.



O sistema capitalista apela á autorregulación do mercado e rexeita o intervencionismo dos estados. Desde o comezo desta crise, non foi así.

Esta crise desmonta definitivamente a falacia dos mercados autorregulados, que non existen, e desmonta tamén o discurso neoliberal porque eles mesmos son quen están pedindo a intervención sobre o sistema financeiro. Nunca deixou de haber interven-

ción por parte dos estados, nomeadamente nos EEUU, que é unha economía moi neoliberal mentres estean garantidos os seus intereses. Cando non é así a Reserva Federal (FED) intervén con toda intensidade. A 31 de marzo anunciouse unha reforma dos mecanismos de regulación da FED que lle vai permi-

tir mesmo controlar as contas das empresas que cotizan en bolsa para evitar a fraude na contabilidade. Fraude que afecta a todos os que participan no mercado bursátil e financeiro.

Respecto dunha economía periférica como a nosa, como avalías a situación?

En Galiza o sector da construción representa o 12% do emprego. Se a iso sumamos o emprego nas actividades asociadas: materiais de construción, industria do formigón, de cerámicas, do ladrillo, do granito, da louza, de móbeis de madeira... o volume é importante. Porén, unha boa parte do noso sector construtivo está ligado ás obras de infraestrutura que están en marcha como o porto exterior da Coruña, o de Ferrol, a autovía do Cantábrico, a do Barbanza, o TAV..., polo que a crise se vai notar pero menos que noutras áreas do Estado español. Hai unha parte do sector de materiais de construción que non produce só para o mercado galego senón tamén para fóra e que se vai resentir, cunha caída do emprego máis ou menos importante. A solución non pasa por reinflar o sector da construción, senón por buscar outras alternativas porque a crise responde a un modelo construído sobre unha lóxica especulativa. Tamén hai que reorientar cara á economía produtiva, que non se baseen na especulación e que cubran necesidades reais do mercado interior ou de cara ao mercado exterior.

Canto ao incremento do prezo dos alimentos, dos carburantes... Cales son as causas?

Inflúen factores como o crecemento da demanda mundial de materias primas (petróleo, minerais e alimentos) polo medre de economías como a chinesa ou a india; a limitación na produción do petróleo porque as empresas do sector non investiron en sistemas de refino dificultando que se satisfaga a crecente demanda. Estase especulando co que se chama 'mercado de

futuros', os especuladores estiman que o prezo destes produtos pode aumentar e anticipan esas subas encarecendo xa as súas ofertas, ademais, funcionan en dólares e se o dólar se devalúa o prezo desas mercadorías aumenta co que, no fondo, estamos pagando todos a crise do sistema americano pola vía da inflación. Houbo varios anos seguidos de malas colleitas pola seca en Rusia e China, principais produtores de arroz e trigo, o que provocou tamén un incremento dos prezos, polo tanto, nada que ver cos bioetanois. Ademais, este modelo económico promoveu o desmantelamento dos sectores agrarios no mundo enteiro, que aquí en Galiza vemos en directo, e que provoca a caída da produción e, polo tanto, da oferta, co conseguinte aumento dos prezos.

Pódese ver esta crise como unha oportunidade para un cambio ou revisión do modelo neoliberal e para o propio capitalismo?

O modelo neoliberal deu síntomas de fracaso en moitos aspectos nos últimos anos e esta crise confirma a súa inviabilidade. Depende das forzas sociais que interveñen na loita social e política e da habilidade que teñan para impor a súa visión que as cousas vaian nunha dirección ou noutra. Os opositores ao modelo neoliberal están máis cargados de razón que nunca, máis lexitimados para emprender unha batalla frontal para a desmontaxe deste modelo. Posibelmente desde dentro do sistema haxa cada vez máis voces que defendan a necesidade de reformalo e de incorporar elementos correctores e outras que defendan o actual modelo e responsabilicen ao estado por ter aínda demasiado peso na economía, coa pretensión de conseguir unha maior liberalización dos mercados. A crise do modelo capitalista neoliberal é cada vez máis obvia e concluínte o cal non quere dicir que garanta, por si soa, a emerxencia de alternativas. ■



A crise económica: alternativas

Executiva Confederal

A perda de postos de traballo, que se vai dar en todo o mundo por mor da crise, en Galiza ímola sufrir dobremente, pois, aos que perdan o emprego dentro do país, imos ter que sumarlles aqueles outros que tiveron que emigrar e que posibelmente retornen ao perderen o seu posto de traballo. Esta situación constata que a creación de emprego en Galiza era froito das altas taxas de crecemento económico e non de medidas estruturais que estivesen favorecendo o desenvolvemento do tecido produtivo galego, como no seu momento demandamos. Para enfrontar esta situación, desde a CIG acordamos pór en marcha unha campaña na que, ademais de explicar á clase traballadora as causas que teñen provocado esta crise, se propoñen unha serie de alternativas que se resumen en:

Negociación colectiva

Mellora do poder adquisitivo dos salarios.
Cláusulas de estabilidade na contratación.
Desenvolvemento de toda a negociación colectiva en Galiza.
Adeguar os horarios laborais á conciliación da vida familiar e laboral.

Emprego

Respecto do principio de causalidade na contratación.
Supresión das subvencións á contratación, excepto en colectivos con dificultades de integración no mercado laboral.
Mellora do sistema galego de colocación, así como do sistema galego de formación profesional.

Sociais

Fomento das vivendas de protección oficial en réxime de alugueiro con opción a merca.
Implantación do salario social.
Garantía duns servizos públicos e dun sistema público de protección social en condicións dignas. Oposición a calquera medida privatizadora dos mesmos.
Reforzar a rede pública de servizos sociais, así como as medidas destinadas a combater a pobreza e a exclusión social.

Fiscais

Persecución da fraude fiscal.
Imposición dun sistema fiscal progresivo vía:
Incremento da progresividade do IRPF
. Mantemento do tipo de gravame do imposto sobre o patrimonio.
. Redución ou eliminación dos impostos indirectos sobre os produtos básicos de consumo e incremento sobre aqueles que consomen habitualmente as rendas máis altas.
. Incremento dos impostos directos sobre o capital financeiro e o patrimonio das grandes fortunas.

Subsidiación dos xuros nos créditos hipotecarios, en función da renda.

Creación dun imposto sobre os movementos de capitais.

Eliminación dos paraísos fiscais.

Económicas e industriais

Políticas de apoio ao sistema produtivo galego (agro, pesca, naval, téxtil, conserveiro, rochas ornamentais, enerxético...), así como a novos sectores como son o cultural, ambiental e sectores avanzados da industria e servizos.

Parte destas medidas terían que ir orientadas a:

- . Garantir a soberanía alimentar.
- . Pór a produción da enerxía eléctrica ao servizo do desenvolvemento industrial sustentábel de Galiza.
- . O uso racional da auga.

Estabelecer vínculos máis estreitos entre o sistema financeiro e o sistema produtivo. Promover unha nova Lei de Caixas de Aforro de Galiza que garanta o seu carácter social e a súa maior implicación no apoio ao sistema produtivo galego.

Mellora das infraestruturas portuarias e rede interna de estradas e camiños de ferro.

Investimento en I+D.

Garantía duns prezos mínimos xustos para os produtos agro-gandeiros e pesqueiros. Medidas eficaces de control dos intermediarios, así como fortes sancións sobre as marxes comerciais abusivas.

Elaboración de programas integrais de desenvolvemento das diferentes comarcas de Galiza.

Modificación da metodoloxía do cálculo do IPC e na aplicación do mesmo. Maior peso dos alimentos e demais produtos básicos de consumo e inclusión adecuada do prezo da vivenda.

Lei de ordenación do territorio.

Autogoberno

Transferencia de competencias plenas nas seguintes materias:

- Lexislación laboral e social.
- Programación e xestión da formación profesional ocupacional e continua, xunto cos recursos correspondentes.
- Políticas pasivas de emprego.
- Inspección de traballo e seguridade social.
- Xestión do réxime económico da Seguridade Social, incluída a prestación por desemprego.
- Agricultura, gandería, forestal, marisqueo e pesca.
- Portos, aeroportos, camiños de ferro e estradas que transcorran por Galiza.
- Ordenación das actividades económica, industrial e enerxética.
- Recadación do IRPF, IVE e Imposto de Sociedades. Creación dunha Axencia Tributaria propia.

CURSOS DE FORMACIÓN

Sede Central

Avda. Aeroporto 92, 1º - 36206 Vigo (Pontevedra)
telf: 986 27 20 75 - fax: 986 28 12 95

Forga A Coruña

Rosalía de Castro 94 - 15172 Perillo, Oleiros (A Coruña)
telf: 981 63 97 18 - fax: 981 14 15 10
corunha@forga.org

Forga Compostela

Pol. Ind. Novo Milladoiro, Rúa Palmeira, Parc. 21 A
15895 Milladoiro - Ames (A Coruña)
telf: 981 94 16 29 - fax: 981 94 16 28
compostela@forga.org

Forga Ferrol

Eduardo Pondal 41- 43 Ent. 15403 Ferrol (A Coruña)
telf: 981 35 06 44 - fax: 981 35 11 43
ferrol@forga.org

Forga As Pontes

Polígono dos Airíos, Pacr. 78 - 15320 As Pontes (A Coruña)
telf: 981 45 07 43
aspontes@forga.org

Forga Lugo

Alcalde Ramiro Rueda 11 - 13 baixo 27003 Lugo
telf: 982 25 38 65 - fax: 982 38 65
lugo@forga.org

Forga A Mariña

Arcadio Pardiñas 137, 2º D - 27880 Burela (Lugo)
telf: 982 58 18 61 - fax: 982 58 18 61
amarinha@forga.org

Forga Ourense

Río Mao, 27 baixo 32001 Ourense
telf: 988 37 37 07 - fax: 988 37 38 51
ourense@forga.org

Forga Pontevedra

Médico Ballina 14 baixo 36155 , Lérez (Pontevedra)
telf: 986 83 30 15 - fax: 986 87 41 21
pontevedra@forga.org

Forga Vigo

Avda. Aeroporto 92 B - 36206 Vigo (Pontevedra)
telf: 986 28 07 76 - fax: 986 28 09 31
vigo@forga.org

central de chamadas
902102181

**Fundación para a Orientación Profesional,
a Investigación, o Desenvolvemento
Tecnoloxico, o Emprego e Formación en Galiza**



ts
Análise das consecuencias para o sector

Máis de 12.000 portugueses cruzan a fronteira para traballar na construción no noso país a diario

Milleiros de portugueses cruzan a fronteira a diario para traballaren no sector da construción en Galiza. As diferenzas salariais (o soldo que reciben no noso país é o dobre) e a posibilidade de pernoitar na casa ou desprazarse á residencia na fin de semana, aínda a custo de realizar longas viaxes despois dunha xornada laboral que supera as dez horas, cos riscos engadidos coas trágicas consecuencias xa producidas, fai que esta situación se xeneralice.





Na inmensa maioría dos casos estes traballadores padecen unhas condicións laborais moi inferiores ás pactadas no convenio colectivo, tanto no relativo a salarios como a xornada, descanso, vacacións, pagas extras, indemnizacións... A isto súmanse as carencias en materia de prevención e a fraude á Seguridade Social e a Facenda.

Esta situación contribúe á degradación das condicións laborais do sector e propicia unha situación que, de non se corrixir con urxencia, pode chegar á división entre traballadores pola súa orixe, feito de extrema gravidade e que até o de agora non tiña sucedido.

Voracidade da patronal

A raíz do problema está na voracidade dunha patronal que está a descubrir nos máis desfavorecidos (inmigrantes, traballadores transfronteirizos, desempregados) un mercado laboral á marxe da legalidade, contratando a estes colectivos en condicións de extrema precariedade aproveitándose da necesidade.

O problema non é novo. A situación deste colectivo de traballadores vén sendo denunciada hai tantos anos pola Federación de Construción da CIG como polos sindicatos portugueses, sen que os poderes públicos, que teñen a obriga e os instru-

mentos para facer cumprir a lexislación, teñan actuado de xeito decidido para corrixir as ilegalidades e fraudes que se están a cometer no sector. Creouse unha situación de “prestamismo laboral”, na que se trafica con man de obra.

Campaña de denuncia desde o 2005

Xa no ano 2005 a CIG comezou a facer unha campaña de denuncia cos sindicatos portugueses, en que se reclamaba á Administración que controlase as redes de contratación, que incumprían a normativa en cuestións como xornada e salario, e non só. Na actualidade continúa coas campañas continuas de información e denuncia. Un dos obxectivos deste proceso continuado no tempo é rachar coa rede de comunicación que rodea a estes traballadores hiperprecarizados, e dar unha pelexa e mobilización conxunta dos traballadores galegos e portugueses.

En torno a este colectivo de traballadores existe toda unha rede de empresarios-trafficantes que ofertan man de obra barata como mercadoría. O negocio funciona pola complicidade dos empresarios galegos que se anotan a estas “rebaixas”. Para que este negocio funcione, os traballadores portugueses son illados do resto polos seus patróns baixo a ameaza, sempre presente, da perda do posto de traballo, para frear a capacidade reivindicativa do

colectivo e evitar a solidariedade e as reivindicacións comúns.

Xoán Xosé Melón, secretario nacional da Federación da Construción da CIG, subliña que “sindicalmente temos a obriga de combater esta situación e lograr que aos traballadores doutras nacionalidades se lles garantan as mesmas condicións laborais que aos traballadores galegos. Temos que combater os posíbeis brotes de rexeitamento á presenza de compañeiros doutros países que, como tamén os galegos, continuamos a facer, procuran noutros lugares o que o seu país non lles dá”.

Melón engade que “para isto precisamos continuar coa campaña de información e conscienciación do sector, en colaboración cos sindicatos portugueses de cara á realización de amplas mobilizacións para regularizar as condicións laborais na construción e facer que se cumpra o acordado na negociación colectiva e o establecido na lexislación vixente”.

E onde están as administracións?

A administración portuguesa desenténdese do problema e das condicións laborais dos seus compatriotas, xa que esta situación é unha válvula de escape e serve para evitar a conflitividade interna.

A administración española estivo a mirar para outro lado, só preocupada

polas grandes cifras do crecemento económico, sen pararse a investigar a orixe dos grandes beneficios empresariais, baseados, no caso que nos ocupa, na explotación de traballadores, obviando a negociación colectiva e a lexislación vixente.

Malia que os responsábeis son, sen dúbida, os empresarios galegos e portugueses, a actitude de pasividade das Administracións neste terreo é o caldo de cultivo para que proliferen as ilegalidades e irregularidades de todo tipo nunha especie de “revival” dos tempos do contrabando da raia, só que neste caso a mercadoría son traballadores.

Outro dos problemas é a falta de colaboración entre as Administracións galegas e portuguesas. Nesta Europa sen fronteiras, as facilidades, como neste caso, son sempre para o empresario e o capital, e así estamos diante dunha “xigantesca fraude”, nun submundo laboral, onde semella non existir lexislación.

Alberte Fernández, secretario comarcal da CIG Construción en Vigo, subliña que “xa non nos podemos fiar de que as Administracións actúen como garante da legalidade, e tócalle ao movemento sindical corrixir a situación. Non vai ser doado, xa que para combater o problema é necesaria a participación activa e solidaria dos traballadores afectados, isto é, galegos e portugueses”.

Dispositivo de Tráfico

Agora estáselle a dar unha grande transcendencia ao dispositivo de Tráfico para previr a sinistralidade derivada

dos masivos e longos desprazamentos. Fernández anota que “aínda que esta foi unha decisión que xa fora anunciada pola Administración no encontro do abril en Leiro, no que participamos sindicatos, administracións e organizacións empresariais galegas e portuguesas, esta medida non é nin a máis importante das posíbeis a levar adiante nin vai representar melloras nas condicións laborais dos traballadores portugueses”.

Xornada de denuncia de incumprimento do convenio

O 5 de maio era un dos festivos fixados polo convenio, e que co festivo do 2 de maio, daba a posibilidade dunha ponte longa e un merecido descanso para os traballadores do sector da Construción da Pontevedra. A CIG, en colaboración coa Inspección de Traballo, denunciou o incumprimento do descanso neste festivo establecido polo convenio provincial.

Aínda que a maioría do sector estaba parado, alí onde había empresas portuguesas traballando, e non só, houbo incumprimentos importantes. A federación da Construción da CIG de antemán puxérase en contacto coa Inspección de Traballo para que, en coordinación e cos seus medios, actuase alí onde a CIG coñecía que ía haber incumprimento neste festivo: desde as obras do AVE na provincia, o estadio de Pasarón en Pontevedra, obras en Vilagarcía, en Salvaterra, Vigo ou no Polígono de Navia.

Identificados pola Policía

A CIG informou polas obras da necesidade de cumprir este festivo, pero despois

de media hora e xa pola mañá, fixo aparición a Policía e identificou os sindicalistas que estaban a realizar este labor informativo, e mesmo alí onde os traballadores xa recolleran e ían marchar de volta a Portugal, a Policía defendía que continuasen a traballar. Para Xoán Xosé Melón, “vivimos no mundo ao revés, porque os que debería protexer que se cumprisen as leis en materia laboral, protexían que se incumprisen, e nós que non temos porque realizar este traballo, eramos os que informabamos, e eramos perseguidos pola Policía, mesmo intimidados”.

Unha constatación máis do incumprimento

O dirixente da federación da Construción do sindicato nacionalista criticaba así este feito que “é unha constatación máis do incumprimento do convenio, que estamos a denunciar constantemente, e que nesta xornada onde puñamos a ollada era nos festivos, pero tamén pasa en cuestións salariais ou sociais, ou da xornada, que cada vez vai a máis, asinadas e fixadas no convenio, que tanto nos custou pelexar”.

E manifestaba así que “hai unha deterioración progresiva do convenio, que abrangue todos os aspectos de melloras sociais, salariais e de todo tipo, que se ve agravado desde xaneiro até agora”.

“Isto é unha parte máis da nosa denuncia, e se de aquí á última parte do verán vemos que hai incumprimento nas mesmas materias que vimos denunciando até o de agora, temos que pensar seriamente nunha folga para que se cumpra o convenio”, remata Melón. ■



A construtora Eshor escraviza traballadores inmigrantes

A construtora Eshor, empresa con sede en Cabanas especializada en estruturas de formigón, escraviza os traballadores inmigrantes, pois obrígaos a asinaren baixas voluntarias e despide aqueles que sufriron accidentes laborais ou se atopan de baixa por enfermidade común.

Eshor beneficiase de bonificacións que concede o Ministerio de Traballo para a contratación de operarios no estranxeiro así como de subvencións da Consellaría de Traballo e do Ministerio de Industria. Porén, as diferentes administracións non exercen ningún tipo de control sobre as axudas que conceden a Eshor e se inhiiben ante un caso flagrante de explotación laboral.

O cadro de persoal da construtora conta con 400 operarios que prestan servizo por todo o Estado español. O 90% son traballadores inmigrantes procedentes de Ecuador, Alxeria, Marrocos, Perú, Colombia ou Romanía. Ao que rubrican o contrato, de carácter indefinido, Eshor coaccionaos para que asinen a baixa voluntaria e renuncien a dereitos como a indemnización ou, no caso de que proceda, a prestación por desemprego. A CIG de Ferrol manexa datos que indican que só na comarca, nós últimos 17 meses, se rexistraron

580 “baixas voluntarias” na construtora. Esta cifra revela, por si soa, a grande magnitude da situación de explotación laboral na compañía.

Despedimentos de obreiros accidentados

Pablo, traballador ecuatoriano de Eshor, levaba 25 días na empresa até que foi despedido logo de sufrir un accidente laboral no que perdeu un dedo dunha man. A empresa obrigouno a abandonar o piso onde residía e coaccionouno para que asinase un documento conforme renunciaba a todos os seus dereitos. Mimoun, operario marroquino, foi despedido tras fracturarse un brazo noutro sinistro no traballo.

A CIG atendeu nos últimos meses máis de 40 empregados de Eshor inmigrantes que informaron dos abusos, fraudes e coaccións que comete a construtora. Xa hai tres demandas presentadas no Xulgado do Social e asesoría xurídica da CIG de Ferrol xa está preparando unha querela criminal contra os responsábeis de Eshor.

Un traballador peruano denunciou Juan José Espiñeira, representante de Eshor, nun xulgado por ameazalo con “rebentallo a cara”, logo de que o empresario soubese que o obreiro puxese en coñecemento da Inspección de Traballo diversos incumprimentos do contrato.

O operario denunciante afirmou que fora contratado para traballar en Eshor

para realizar 40 horas semanais mais ao final facía 11 horas e media ao día até completar 280 no cómputo mensual, cando legalmente tería que realizar 160. Ademais, o traballador non gozou de vacacións en todo un ano e explicou que tivo que compartir un piso de 90 m² con oito compañeiros máis.

Protesta patronal contra a CIG

Ferrol viviu un feito insólito na tarde do 15 de maio. A construtora Eshor organizou unha protesta fronte ao local da CIG na que mobilizou algo máis dun centenar de traballadores, na súa inmensa maioría inmigrantes, para lle pedir ao sindicato que se “retractase das súas acusacións”. A empresa fretou un autobús e varias furgonetas para trasladar obreiros desde Madrid a Ferrol. ■



Traballadores de Eshor

Fábrica de cables para a automoción en Mos

Draka, un novo caso de deslocalización, que pode deixar na rúa a máis de 100 traballadores con alta cualificación

Máis de 100 traballadores da multinacional holandesa Draka Cables, que produce cables para a automoción, coñeceron no mes de abril a decisión irrevogábel da empresa de pechar a súa planta en Vigo a finais de 2008. Os traballadores responderon cunha convocatoria de folga para o 29 de abril e anuncian máis mobilizacións contra a deslocalización baixo o berro unánime de “Draka non se pecha”.

Mentres o 21 de abril os traballadores mantiñan unha reunión coa empresa, na que Draka cables presentaba un escrito de cesamento da actividade na planta de Vigo, a dirección da multinacional xa estaba enviando faxes e comunicados de prensa da empresa anunciando o seu peche e o traslado da actividade a outras plantas.

Así, por un lado, os medios de comunicación contaban con máis información

que o propio comité de empresa, ao que se lle aseguraba o mantemento de todo o persoal até finais de 2008, e por outro, os avogados da multinacional contactaban con representantes sindicais externos á empresa para falar de rescisión de contratos de entre 20 e 30 traballadores.

O 29 de abril a factoría de Draka Cables, no concello de Mos, amencia fechada e cos traballadores e traballadoras no ex-

terior destas instalacións para demandar que se escoiten as necesidades e demandas dos traballadores neste novo caso de peche de empresa e deslocalización. O seguimento do paro foi total.

Anunciaron máis mobilizacións e máis mostras de rexeitamento a este novo caso de deslocalización na comarca de Vigo no mes de xuño e nos seguintes meses.



Entrevista a Alberto Millara,
presidente do Comité da Empresa e delegado da CIG

“Sabemos que a súa intención é de pechar Draka Cables canto antes”

Alberto Millara é delegado da CIG e presidente do Comité de Empresa en Draka Cables. Reproducimos a continuación unha entrevista con el, na que relata máis polo miúdo o que aconteceu nesta empresa.



Que foi o que aconteceu con Draka Cables?

Convocáronnos para unha xuntanza o luns 21 de abril, e chegou aquí a directiva de Barcelona, xa que son cataláns os que levan o holding de Draka Cables no Estado español, e anunciaron o cesamento da actividade.

Isto en realidade comezou hai catro anos, cando tiñamos un xerente que era de Vigo, que era xefe de produción e que foi cesado. A partir de aí o holding quitou toda a rede de comerciais e dixeron que estiveramos tranquilos porque eles xa ían manexar o tema desde Holanda. Pero a partir de aí perdemos cada ano entre un 15 e un 20% de produción. A cousa ía morrendo.

Crónica dunha morte anunciada

Daquela, como non tocou a postos directos, aínda que estabamos asustados, fomos aturando a situación. Algúns xa viamos que isto era a crónica dunha morte anunciada.

A verdade é que pensamos que farían algunha regulación, que ían botar a quince compañeiros, que ía ser traumático, pero non agardabamos que chegasen e anunciasen o cesamento de toda actividade.

Aínda por riba dixeron que continuemos a traballar até decembro de 2008, dicindo que ía estar todo o persoal, pero co peche xa anunciado. Para nós non é nin doado nin unha situación normal que nos anuncien que nos van botar á rúa e que aínda por riba

traballemos coma se non pasase nada. Por iso tamén comezamos a movernos.

Ademais temos informacións polas xuntanzas co Delegado de Traballo e tal, de que ademais isto non vai ser até decembro de 2008 xa, senón que queren que despois das vacacións de agosto ter ao maior número de xente posíbel fóra da empresa. Xa se ve que as intencións son de pechar canto antes.

Proceso de deslocalización brutal

Tedes certeza de que este peche se produce por un proceso de deslocalización?

Totalmente, isto é unha deslocalización brutal. Sospeitamos que a nova planta vai estar no norte de África, en Marrocos, aínda que non temos seguridade a este respecto.

Cal é o estado de ánimo dos traballadores e traballadoras de Draka Cables?

A xente ten ganas de guerra. A xente está doída porque aquí hai xente que leva moitos anos traballando, hai xente que entrou con 25 anos e ten agora 50. Ademais estanche dicindo que es bo, que es o mellor en ratios de calidade, en absentismo, e ao final pechan, e preguntaste de que vales.

Arredor de 15.000 traballadoras e traballadores mobilizáronse coa CIG neste Primeiro de Maio

A Confederación Intersindical Galega mobilizou nas manifestacións convocadas nas sete cidades, na Mariña e en Ribeira a máis de 15.000 traballadores e traballadoras que se sumaron á reivindicación dun modelo xusto e sustentábel, fronte ao neoliberalismo, e a prol da soberanía nacional.



BURELA



SANTIAGO



FERROL



LUGO



A CIG podería ter centrado as súas reivindicacións, neste Primeiro de Maio, nos múltiples problemas que afectan á clase traballadora galega: a precariedade, a defensa de salarios dignos, dos postos de traballo, a defensa do sistema público



de protección social... Porén, optou por reivindicar “Un modelo socioeconómico xusto e sustentábel”, porque “a orixe destes problemas está precisamente no modelo socioeconómico neoliberal”. Así o explicaron, ao remate das diferentes manifestacións tanto o secretario xeral, Suso Seixo, como os secretarios comarcais e responsábeis das Unións Locais da Mariña e de Ribeira.

Por iso, a CIG denunciou que este modelo é responsábel de que os traballadores e traballadoras teñan perdido capacidade adquisitiva e descendese de forma significativa o peso dos salarios no PIB; de todo o proceso de privatizacións dos servizos e do sistema de protección social que se promoveu no estado español; do abusivo prezo da vivenda; da precariedade laboral; do desemprego; dos altos índices de sinistralidade laboral; do desigual reparto

da riqueza e dun capital especulativo que non redunda en xerar base produtiva e que, pola contra, está a provocar a acumulación da riqueza en poucas mans.

Ante iso a CIG asumiu a necesidade de facer un traballo de conscienciación para que se interiorice que “este non é o modelo socioeconómico que a clase traballadora necesita, que hai que pelexar por un modelo socioeconómico diferente que teña en conta á maioría social deste país, fronte aos intereses da oligarquía”.

De aí que se aposte por promover políticas contrarias á precarización e os baixos salarios, que faciliten a creación de emprego estábel e de calidade, que aposten pola defensa dun sistema fiscal realmente progresivo, que se grave máis aos beneficios do capital en contra do que se está a facer, que se promovan políticas de vivenda e de pro-

tec
ción
social,
que se apoiem
claramente os servizos públicos e de protección social fronte á súa privatización, cunha planificación económica, por parte dos gobernos, en función dos intereses da maioría social e que non se permita que sexan precisamente as multinacionais e o capital transnacional quen programe a economía do mundo en función dos seus intereses.


Neste sentido, a CIG reivindicou a soberanía nacional como unha necesidade para “poder decidir políticas desde Galiza, en función de Galiza e en contraposición a todas estas políticas de corte neoliberal que se deciden en institucións de ámbito internacional”.



Propón que a materia de relixión se imparta fóra do horario escolar

A CIG-Ensino reclama, con concentracións, manifestacións e mesmo actos lúdicos, modificacións no decreto de Bacharelato

Concentracións, actos de carácter lúdico, clases fóra das aulas, xornadas de folga e até unha manifestación na que participaron máis de 4.000 persoas, entre outros, foron convocados pola CIG-Ensino desde o pasado 24 de abril "Por outro Decreto de Bacharelato".



A CIG-Ensino vén desenvolvendo, desde o pasado mes de abril, toda unha serie de mobilizacións dirixidas a denunciar a actuación da consellaría de Educación en todo o relativo ao Decreto de Bacharelato. Un decreto que, tal e como se denunciou no seu día, foi aprobado sen previa información ao conxunto do profesorado, sen debate ou negociación ningunha sobre os seus contidos e mesmo sen ter en conta as emendas presentadas, maioritariamente pola CIG. “Algo que nunca, na historia

materia da súa propia modalidade e que se amplíe a de Artes ao maior número posible de centros.

Porén, malia estas mobilizacións, a conselleira de Educación só accedeu a ampliar as clases de Educación Física nunha hora. Unha proposta claramente insuficiente para a CIG-Ensino, que considera que “é inaceptábel e inasumíbel que a materia de relixión condicione e imposibilite que a filosofía e a historia teñan unha hora máis de clase. A relixión debe quedar no



do Consello Escolar de Galiza sucedera”, como explicou o secretario nacional da CIG-Ensino, Anxo Louzao.

Nesas mobilizacións, a CIG-Ensino, partindo da necesaria garantía de laicidade do sistema educativo, propoñía e segue a propor, para cumprir o marco legal que establece a LOE, que a materia de relixión sexa impartida só a aquel alumnado que a solicite e fóra do horario común. Deste xeito, as horas previstas para a relixión poderían ser destinadas a ampliar nunha hora as clases de Filosofía e noutra as de Historia.

Unha proposta na que a CIG inclúe tamén que todos os centros que impartan a modalidade de Bacharelato e de Ciencias e Tecnoloxía oferten todas as materias propias da súa modalidade, incluídas Electrotecnia e Tecnoloxía Industrial I e II; que todos os centros que dispensen estas ensinanzas de bacharelato impartan, como mínimo, dúas modalidades, garantindo que o alumnado poida cursar calquera

ámbito privado, pero non debe ter cabida no currículo escolar”, afirma Louzao.

Para desbotar a proposta de CIG-Ensino, a conselleira de Educación esgrime a súa suposta ilegalidade. Porén, cómpre matizar que unha proposta semellante foi a que presentaron os gobernos ou os consellos escolares de comunidades como Asturias, Illes Balears ou Catalunya. Propostas das que, na lgúns casos, están retrocedendo por presións políticas e das cúpulas eclesiásticas, ou que se manteñen pero que, de ningún xeito, son cuestionadas por ser ilegais, como nos pretende convencer en Galiza a conselleira de Educación.

A CIG-Ensino tamén promoveu a recollida de sinaturas (á que se sumaron masivamente os docentes), o pronunciamiento dos claustros dos distintos centros e das Xuntas de Persoal de Lugo, Ourense e A Coruña, nas que están representados uns 28.000 docentes, que aprobaron resolucións no sentido da proposta presentada pola federación de Ensino da CIG.

Propostas para mudar o decreto

Incremento dunha hora na carga lectiva das materias de Filosofía e Cidadanía e Historia, mantendo así a distribución horaria que ten na actualidade.

Un ensino laico, que a materia de relixión estea fóra do horario lectivo ordinario dos centros.

Que todos os centros que dispensen ensinanzas de Bacharelato deben impartir, como mínimo, dúas modalidades e garantir que o alumnado poida cursar calquera materia propia da súa modalidade.

Que todos os centros que impartan a modalidade de Bacharelato de Ciencias e Tecnoloxía terán que ofertar todas as materias propias da súa modalidade, incluídas Electrotecnia e Tecnoloxía Industrial I e II.

Que todos os centros ofertarán como optativa Música, tanto en primeiro curso como en segundo, podendo ser cursada nos dous cursos polo alumnado/a. Así mesmo, deben incluírse como optativas de oferta obrigatoria nos centros as materias de Historia e Xeografía de Galiza, Historia da Música e unha materia optativa vinculada á Educación Física.

A dotación suficiente de profesorado para que o alumnado que non ten que repetir curso completo, non comporte incrementar o número de alumnos por aula que, para a CIG-Ensino, non debe exceder de 25 alumnos/as.

Admiten a trámite a querela da CIG contra sete altos cargos de Fomento pola súa actuación no naufraxio do “Cordero”

O Xulgado de Instrución número 3 de Ferrol vén de admitir a trámite a querela criminal presentada pola CIG contra sete altos cargos do Ministerio de Fomento e contra os máximos responsábeis das empresas HELICSA e REMASA pola súa actuación no naufraxio do “Cordero”. A central entende que todos eles cometeron delitos de “homicidio imprudente por omisión” e “contra os dereitos dos traballadores”.

A denuncia vai dirixida contra sete altos cargos da Mariña Mercante, dependente do Ministerio de Fomento, e contra os presidentes das empresas HELICSA e REAMASA, empresas adxudicatarias de servizos de salvamento.

Xavier Aboi, responsábel nacional do sector de Mar da FGAMT-CIG, explicou que o sindicato presentou a querela por respecto aos mariñeiros mortos e aos sobreviventes e para que se depuren responsabilidades políticas pola actuación negligente da Administración do Estado e das empresas HELICSA e REMASA no naufraxio do “Cordero”. Varios dos cargos denunciados xa ocupaban responsabilidades durante a crise do Prestige, baixo o último mandato de José María Aznar no Goberno español.

O responsábel do sector do Mar salientou que a denuncia vai dirixida contra os responsábeis políticos e non contra os traballadores de Salvamento. A CIG en ningún momento dubidou da profesionalidade destes e reconece o seu labor encomiábel, pois arriscan constantemente a vida nas operacións de rescate. Aboi saíu ao paso deste xeito das declaracións de Ismael Rego, portavoz do PSOE no Hórreo, que acusou a CIG de desconfiar do persoal de Salvamento. Aboi, ademais,

recordou que Fernando Novoa, alto cargo da empresa HELICSA, fora o responsábel de Salvamento da Xunta durante o último Goberno de Fraga. Actualmente, esta persoa coordina as actividades da súa sociedade desde un despacho autonómico no aeroporto de Vigo.

Actuación negligente

“Aquí houbo protocolos que funcionaron mal. Como puideron tardar tanto en saír os medios de rescate? Como é posíbel que un barco pesqueiro que estaba atracado no peirao da Coruña chegase antes

que as lanchas de Salvamento? Como se nos puido enganar nas horas?”, inquiriu Aboi ante os medios de comunicación. O responsábel da CIG-Mar recordou que os helicópteros que participaron no rescate non tiñan instalados os sistema FLIR (visión nocturna por infravermellos) polo que non puideron detectar corpos vivos no mar.

O naufraxio ocorreu o pasado 15 de xaneiro a 20 millas de Cabo Prior. Dos oito tripulantes, tres foron rescatados con vida, outro morreu e catro continúan aínda desaparecidos.



Sucesión de irregularidades

- A radiobaliza do “Cordero” emite un sinal ás 2:11 horas (hora local, 1:11 hora UTC) sen indicar a posición exacta do naufraxio, sinal que foi recollido polo Centro Aeroespacial de Maspalomas (Canarias).

- A empresa HELICSA, S.A., concesionaria do servizo, non tiña dispoñíbel o helicóptero habitual, o Sikorsky S61-N, de 10.000 quilos de peso e dotado do sistema de voo estacionario automático. Este helicóptero foi substituído por un Dauphin N II, de inferiores prestacións e moito máis pequeno, de apenas 4.250 quilos de peso, que non está equipado co sistema de voo estacionario automático e que tiña desmontado, por avaría, o sistema FLIR.

- O helicóptero Dauphin II despegou 18 minutos máis tarde do previsto porque foron detectadas varias anomalías nos indicadores que controlan a abertura de portas e o foco do tren de aterraxe non funcionaba, polo que houbo que abortar o despegue e revisar o aparello.

- Ás 2:50 horas os barcos de salvamento reciben a orde de estar “activados”, pero non reciben hora de saída.

- Ás 4:15 horas (hora local, 3:15 hora UTC) os tripulantes do Praia de Esteiro, a primeira embarcación en chegar ao lugar do afundimento, observan náufragos con vida e proceden ao seu rescate, axudados coa luz do helicóptero. Recollen a José Manuel Parada Argibay e Hendra Hermawan (dous dos so-

breviventes), mais sobre as 4:45 horas (hora local, 3:45 hora UTC) o Dauphin N II abandona a zona por se ter esgotado a súa autonomía, sen que fose substituído por outro helicóptero (o Pesca 2) até media hora máis tarde. Ese tempo sen cobertura aérea resultou crucial xa que provocou a perda de contacto co resto dos náufragos.

- A aeronave Pesca 2, da Xunta, actívase ás 5:15 horas (hora local, 4:15 hora UTC). Este atraso débese a que a súa tripulación non conta con presenza permanente na base e fai as gardas na casa, polo que é localizada mediante buscapersoas. Este aparello (un Sikorsky S-76 C+) tampouco tiña operativo o sistema FLIR de visión nocturna. ■

Aos Xulgados de Ferrol, onde se presentou a querela, acudiron en representación da CIG, Xavier Aboi (centro), o avogado Guillermo Presa (dereita) e Alexandre Romero, da FGAMT-CIG.



Relación de persoas denunciadas pola CIG

Felipe Martínez Martínez, director xeral da Marina Mercante, dependente do Ministerio de Fomento.

Francisco Suárez-Llanos Galán, subdirector xeral de Seguridade Marítima y Contaminación, dependente do Ministerio de Fomento.

Alfredo de la Torre Prados, subdirector xeral de Calidade y Normalización de Buques y Equipos, dependente do Ministerio de Fomento.

Pilar Tejo, directora xeral da Sociedade de Salvamento y Seguridade Marítima (SASEMAR).

Fernando Palao Taboada, secretario xeral de Transportes, dependente do Ministerio de Fomento.

O **director** de Operacións de SASEMAR.

O **director** do Centro Nacional de Coordinación de Salvamento Marítimo.

O **presidente** do consello de administración da empresa HELICSA HELICÓPTEROS, S.A.

O **presidente** do consello de administración da empresa Remolques Marítimos S.A (REMASA).

Que pasa coas Caixas de Aforros?

Aínda quedan pola xeografía galega vivendas promovidas no seu día co compromiso da Obra Social das Caixas de Aforros; pola contra, os actuais investimentos inmobiliarios especulativos destas entidades “benéfico-sociais” son unha mostra da súa deriva, do que foron, do que deberían ser e do que na realidade son.

■ **Clodomiro Montero**
Secretario Nacional da Federación de Banca

Baixo o pretexto da necesidade dunha xestión profesionalizada e de dar estabilidade aos propios xestores, os diferentes Conselleiros de Economía optaron por un laissez faire sen exercer a súa responsabilidade de controlar e regular o funcionamento das maiores entidades financeiras galegas.

A crise económica actual ten a súa orixe na crise do sistema financeiro e evidencia a necesidade urxente de regulación, os mercados non se autorregulan, especulan. As intervencións da Reserva Federal dos USA e do Banco Central Europeo inxectando milleiros de millóns de euros a Bancos e Caixas para evitar a quebra do sistema abriron un debate sobre a necesidade dunha nova regulación, dentro incluso dos sectores defensores da ortodoxia neoliberal.

Unha posibilidade que incomoda os donos dos Bancos e os xestores das Caixas, que pretenden que dende as institucións públicas se inxecte liquidez ás súas empre-

sas, pero non que se regule o seu funcionamento, apostando de xeito absurdo por liberalizar aínda máis o sector, o que nas Caixas de Aforros se traduce na súa privatización e saída a bolsa.

Nesto senso é hora de que o Goberno galego aborde unha reforma da Lei de Caixas de Aforros; a actual lexislación é unha adaptación a Lei Financeira aprobada en Madrid polo goberno Aznar coa oposición dos partidos que actualmente compoñen o Goberno galego.

A política especulativa das Caixas e unha expansión da rede de oficinas vinculada ao boom do ladrillo no Levante español están tras da actual restrición de empréstitos ás empresas, o que na construción se traduce en milleiros de despedimentos. E non cabe dúbida de que especular supón un risco para a estabilidade das propias entidades.

Pero a expansión descontrolada ameaza a galeguidade das Caixas, a entrada de representantes de corporacións, clientes e do persoal de fóra de Galiza, está rachando o equilibrio, en tanto a maior parte das Caixas foráneas implantadas no país teñen blindados os seus órganos de goberno dun ou doutro xeito.

É precisa pois unha nova Lei de Caixas de Aforros que regule o destino da Obra Social, que regule os investimentos e participacións empresariais dende unha óptica de país e non especulativa, que garanta a inclusión financeira dos sectores máis desfavorecidos e que democratice o acceso aos órganos de goberno das Caixas garantindo a súa galeguidade. Ou iso ou quedamos sen elas.



Intensa campaña de denuncia

A CIG alerta de que en Ourense os obreiros traballan sen protección en obras con amianto

A pesar de que agora está prohibido, polas rúas de Ourense contéplanse materiais que se deixaron de poñer hai dez anos aproximadamente, que son os materiais de fibrocemento. Por esta razón, a CIG de Ourense decidiu iniciar unha campaña de sensibilización sobre o problema de saúde laboral que supón traballar con este material.

Desde a CIG de Ourense detectaron que non se están a cumprir nestes traballos métodos de prevención nin de control sobre ese mineral, que se contemplan na lexislación. A este nivel a lexislación é moi rixida co que son os traballos con amianto, e exige unha serie de medidas de protección e que non se están a cumprir.

Etelvino Blanco, secretario comarcal da CIG de Ourense, subliña que “é inadmisíbel a lixeireza coa que se trata por parte de empresarios e de autoridades e institucións un tema desta gravidade, e que constatamos en moitos sitios que hai unha falta de respecto absoluto ás normas mínimas. Pretendemos buscar esa sensibilización de todos para que non ter que lamentarse despois co tema

de contraer enfermidades con eses traballos co amianto”.

Denuncias ás empresas

Malia a campaña de información que desde hai meses está a facer a CIG sobre a perigosidade dos traballos que se realizan con material de fibrocemento, que contén amianto, continúa a haber empresas que non adoptan ningunha precaución e incumpren reiteradamente as disposicións legais de seguridade que recolle o Real Decreto 396/2006.

A CIG de Ourense manifestou que «ante este desprezo á saúde dos traballadores e traballadoras temos decidido a partir de agora denunciar a todas as empresas que incumpran a normativa».

Ovenres 30 de maio presentouse unha denuncia da CIG na Inspección de Traballo contra unha empresa que está desmontando e cortando placas de fibrocemento que conteñen amianto, reclamando que se levante a correspondente acta de infracción e se paralizen os traballos até que se cumpra coa normativa.



Xornadas exitosas en Ourense sobre a prevención no amianto

O Gabinete de Saúde Laboral da CIG celebrou o martes 13 de maio en Ourense unha xornada técnica de sensibilización ante o risco para a saúde dos traballadores provocado polo amianto titulada Amianto: perigo!. A xornada foi un éxito de asistencia, tanto de representantes sindicais, como de técnicos de prevención. Esta campaña está a ter unha grande repercusión, conseguíndose a estas alturas a implicación das administracións afectadas (Delegacións Provinciais de Traballo e Sanidade, Concello de Ourense e Tenencia de Alcaldía de Ourense) e unha grande penetración social da problemática.



O persoal da sanidade privada da Coruña retoma as protestas para dignificar os seus salarios

A ruptura por parte da patronal das negociacións do convenio colectivo provincial da sanidade privada-concertada da Coruña obrigou os traballadores a retomaren as mobilizacións. Ao longo do mes de maio protagonizaron concentracións e peches polos principais centros médicos privados da provincia e convocaron folgas para os días 4 e 11 de xuño.



As negociacións estiveron paralizadas durante grande parte do ano pasado, pese a mediación da directora xeral de Relacións Laborais, Pilar Cancela, que intercede no conflito entre os meses de decembro de 2007 e febreiro do presente ano. O bloqueio da negociación

provoca que os traballadores aínda se teñan que rexer polo convenio de 2006, o que os obriga a padecer durante máis tempo unha perda constante do seu poder adquisitivo.

Os traballadores e a CIG consideran unha provocación as últimas propostas

da patronal, que pasan por incorporar ao novo convenio un código disciplinario, ademais de impor unha modificación substancial da xornada, que obrigaría a realizar até 48 horas á semana.

Denuncian que a carga de tra-

ballo é tal que por cada tres enfermeiras que atenden na pública, na sanidade privada-concertada atende unha. Ademais, o persoal vese na obriga de traballar entre 203 e 340 horas máis que os compañeiros e compañeiras da pública e os salarios son tan baixos que, en non poucos casos, teñen que traballar tanto no sector público como no privado para acadar unhas condicións salariais dignas.

Un empregado/a da limpeza percibe actualmente uns 580 euros ao mes, un auxiliar 737 e un enfermeiro/a, 879. Estes salarios contrastan cos dos médicos que exercen a súa profesión nestes centros privados, con nóminas que poden chegar aos 6.000 euros mensuais nalgúns casos. "Ademais, a maioría destes médicos tamén traballa no SERGAS", explica Milton Pérez, un dos representantes da CIG no sector.



Defende a reforma do actual sistema e que a negociación se produza canto antes

CIG-Saúde aposta por manter e reforzar a dedicación exclusiva dos facultativos da Sanidade Pública (SERGAS)

O pasado 25 de abril comezaban as negociacións sobre o complemento específico que reciben os facultativos con dedicación exclusiva ao SERGAS. Un proceso no que a CIG-Saúde defende a exclusividade dos médicos do sistema público e a necesidade de reformar o modelo actual, en vigor desde hai 20 anos. Fronte a isto, os sindicatos corporativos pretenden eliminar este complemento e xa convocaron unha folga para o mes de novembro.

A porcentaxe de médicos do SERGAS que non teñen dedicación exclusiva, ou sexa que traballan no sector público e no privado, sitúase en aproximadamente un 14%, chegando até o 20% nas especialidades cirúrxicas. O 80-86% restante recibe, a cambio do seu compromiso de dedicación exclusiva unha compensación económica: o denominado Complemento Específico (CE), que no ano 2007 ascendía a 778,56 € para a grande maioría dos facultativos de Atención Especializada e Atención Primaria e que se achegaba aos 951,56 € para os Xefes de Servizo de Atención Especializada.

Esta situación era, até hai pouco tempo, semellante en todas as Comunidades Autónomas. Porén, nos últimos anos

nalgunhas delas introducíronse cambios legislativos mediante os que se igualaron as retribucións percibidas polos facultativos con dedicación exclusiva e os que tamén o fan no sector privado. Esa xeneralización do complemento específico, que para a CIG-Saúde responde á aplicación de políticas neoliberais, supuxo a desaparición de calquera incentivo económico para que os profesionais optaran por traballar só para a sanidade pública.

Coas negociacións en curso desde finais do mes de abril, non falta en Galiza quen defenda medidas similares. Fronte a isto, a CIG-Saúde considera que a dedicación exclusiva, non só ten que manterse, senón que debe ser potenciada. Deste xeito, Francisco Vázquez Vizoso, representante da Agrupación Médica da CIG, explica que “a súa existencia é un elemento esencial para que poida existir un sistema sanitario público de calidade. Está plenamente xustificado que aos médicos que se comprometen a traballar en exclusividade para o sistema público se lles retribúa dun xeito especial o seu compromiso de non traballar tamén para outra empresa”.

Vizoso salienta os problemas que para a Sanidade Pública xera o pluriemprego de certos facultativos, ao xurdir un conflito

de intereses que se resolve, en demasiadas ocasións “estabelecéndose unha relación parasitaria na que á sanidade pública se lle chuchan os seus recursos en beneficio da privada”.

Proposta dunha nova exclusiva

A proposta da CIG-Saúde céntrase en pór tempo de traballo de facultativos a disposición do sistema sanitario. Ese novo tempo de traballo, sobre todo en moitas especialidades nas que hai déficit de profesionais, é imprescindible para poder atender ás cada vez maiores demandas de poboación e unhas listas de espera claramente excesivas; permitiría incrementar o tempo útil de actividade de moitas infraestruturas e recursos técnicos hoxe infrautilizados na sanidade pública e tamén a actividade docente e investigadora. A aceptación deste incremento de xornada sería retribuída e, obviamente, voluntaria. Elimináriase así o sistema de peonadas, gañaríase en eficacia e en calidade asistencial.

Fronte esta proposta está a dos sindicatos corporativos que defenden a eliminación da exclusividade pola vía da súa xeneralización e xa convocaron, con este obxectivo, unha folga para o outono. Pola súa banda o SERGAS comprometeuse a presentar unha proposta sobre a que debater hai un mes que aínda non foi remitida ás organizacións sindicais. Vizoso teme que, como sempre, o SERGAS chegue tarde e atrase ás negociacións até despois do verán. Un debate que daquela estaría condicionado por ter unha folga ás portas. Por iso CIG-Saúde insiste na necesidade de que se leve a cabo sen máis demora. ■



Representantes da federación de Sanidade da CIG fixeron pública a súa proposta de complemento específico xa no mes de abril. De esquerda a dereita, Manuel González Moreira, Xoán Cons, Francisco Vázquez Vizoso e María Xosé Abuín, membros da Executiva Federal de CIG-Saúde e da Agrupación Médica da CIG.

MARTINSA-FADESA prevé emprender un expediente de regulación de emprego na Coruña

Máis do 50% dos postos de traballo da inmobiliaria existentes na Coruña víronse afectados desde que MARTINSA adquiriu FADESA. Durante o ano pasado houbo 140 baixas, 38 traballadores foron trasladados a Madrid e 33 do departamento de Informática foron externalizados a outra compañía. No que levamos de ano, 34 empregados perderon o seu posto. Actualmente traballan algo máis de 200 persoas na sede coruñesa, cando chegou a contar con case medio milleiro.



Traballo na Coruña. A empresa incumpriu o seu compromiso de presentar nese día o plan de emprego que lle reclaman desde hai meses os traballadores. “Frustrante”, deste xeito definiu Paulo Carril, secretario comarcal da CIG, o resultado da xuntanza. A empresa pospuxo a presentación do plan até o mes de xuño e este adiamento foi cualificado de “insultante” polos empregados.

O representante de MARTINSA-FADESA si confirmou que haberá recortes e reestruturación no cadro de persoal e que a cifra de despedimentos superará os 74 postos anunciados en novembro. Por tanto, o comité de empresa entende que

MARTINSA-FADESA está a preparar un Expediente de Regulación de Emrego (ERE) na Coruña. Os traballadores non se resignan e proseguirán coas mobilizacións.

Denuncia na Inspección

A CIG presentou unha denuncia na Inspección de Traballo por “falta de ocupación efectiva” en MARTINSA-FADESA. “É evidente que a empresa está a actuar de xeito premeditado para desocupar a sede coruñesa e trasladar o traballo cara a Madrid para tentar darlle lexitimidade ao ERE”, puntualiza Carril.

Falta de firmeza do alcalde da cidade

A CIG critica a falta de decisión do alcalde da Coruña, Javier Losada, para defender o mantemento dos postos de traballo e da sede da inmobiliaria na Coruña. O rexedor, que nun primeiro momento definiu a compra de FADESA por MARTINSA como “unha boa noticia para a Coruña e Galiza”, conténtase agora coas promesas baleiras de contido que lle transmitiu Fernando Martín, presidente da empresa, de que se mantería o nivel de traballo na sede da cidade herculina. Losada volveu quedar en evidencia pois o responsábel de Recursos Humanos de MARTINSA-FADESA asegurou, na última xuntanza mantida co comité de empresa, que o número de despedimentos ía aumentar considerablemente na Coruña.

A CIG e o comité de empresa de MARTINSA-FADESA saíron decepcionados da reunión que mantiveron o 27 de maio co responsábel de Recursos Humanos da inmobiliaria na sede da Inspección de

Contra o plano de viabilidade da empresa

Os traballadores de Cedonosa continúan na loita polo mantemento dos postos de traballo e a viabilidade da empresa

Cerámicas Domínguez do Noroeste (Cedonosa), unha fábrica de gres situada en Catoira, presentou o pasado mes de abril no Xulgado do Mercantil unha demanda de suspensión de pagamentos. Un proceso de especulación apoiado por fondos públicos, coa creación doutra planta idéntica en Teruel, mantén na incerteza a 87 familias. O 1 de maio Catoira botouse ás rúas para exixir futuro para esta planta e que se manteñan todos os empregos.



Esta planta de fabricación de gres leva funcionando en Catoira desde hai 60 anos, con distintos propietarios á fronte. Chegou a ter máis de 600 empregados e na actualidade conta con 87 traballadores e traballadoras.

Xoán Xosé Bouzas, da CIG do Salnés, subliña que Cedonosa está dirixida por unha sociedade investidora, Iberfomento, Fondo Euro-Ico, Golden Limit, e que polo tanto «a súa única misión é a de obter a maior cantidade de ingresos posibles. Os investidores só procuran rendibilidade polo que é posíbel que teñan vontade de trasladar a produción á outra firma da fábrica en Teruel para abaratar custos».

Apoio municipal

O 26 de abril o BNG presentaba no concello de Catoira unha moción de

apoio a estes traballadores, polo que se decide crear unha comisión de seguimento, con presenza de todos os grupos municipais para apoiar a este colectivo en conflito.

Manifestación o 1 de maio

Desde ese momento moitas son as novas que apareceron na prensa: a posíbel venda de terreos, o despedimento de boa parte do persoal. E mentres, os traballadores e traballadoras organizaban a súa carraxe coa preparación dun 1º de maio histórico na vila de Catoira, no que participarían máis de 1.000 persoas.

Plan de viabilidade e subministración eléctrica

O xoves 8 de maio celebrouse unha xuntanza do Comité de Empresa, representantes das centrais sindicais CIG,

CCOO e UGT e os representantes da empresa Cedonosa. Nesta reunión entregouse aos presentes un documento denominado «Cedonosa-Diagnóstico, plan de viabilidade y plan de pagos», no que se aposta por un descenso da produción en Catoira en favor de Teruel, que aumentaría, quedando unicamente esta factoría coa fabricación de pezas especiais e as pezas base que en Teruel non se desenfeito, e levaría consigo a unha redución de persoal de 37 persoas.

O xoves 22 de maio os traballadores e traballadoras de Cedonosa concentrábanse ás portas da fábrica para protestar pola subministración eléctrica e reclamar que, coa volta da luz, a factoría puidese volver a traballar. Ían manter as concentracións todos os días, mais esa mesma tarde Fenosa conectou esta instalación de novo á rede eléctrica.



Pola mobilización e a folga

Os traballadores do sector do Transporte acadan subas salariais superiores ao 10% no novo Convenio

Tres días de mobilización, piquetes e un serio problema para a actividade industrial de Vigo son o resumo da etapa da folga que protagonizaron no mes de maio os asalariados do sector do transporte de mercadorías na provincia de Pontevedra. Despois de moitos anos sen movemento nin loita pola negociación colectiva, está foi a primeira mostra de combate dun colectivo que non se resignou a ter o peor cuarto convenio do seu gremio en todo o Estado.

O último día destas tres xornadas de folga de transporte, despois dunhas intensas setenta e dúas horas de piquetes e traballo dos folguistas, a factoría de Citroën tiña que sacar os coches acabados de saír da cadea de montaxe un a un e conducidos por operarios da propia planta industrial.

Esta é só unha mostra do que foron estes días de bloqueo á actividade industrial da provincia de Pontevedra, que se centrou nomeadamente na lonxa do porto de Vigo, na empresa da automoción e Citroën, e no polígono de Campiño en Pontevedra.

Negociación e acordo positivo

Despois de doce horas de xuntanza na Delegación de Traballo en Vigo, do luns para o martes 20 de maio, a patronal e as centrais sindicais, coa mediación de Traballo, chegaran a un preacordo positivo e que puxo fin ao conflito.

Este acordo no aspecto económico supón un incremento salarial sobre o



salario base de 50 euros en 2008, outros 50 euros máis en 2009 e unha terceira suba de 90 euros no terceiro e último ano de convenio en quince pagas anuais.

A esta cantidade engadírase un complemento de compensación por especial dedicación para os condutores de 30 euros en cada un dos tres anos e de 17 euros para o resto do persoal tamén en cada un dos tres anos e en doce pagas anuais.

Estes incrementos suporían un aumento salarial de 280 euros para os condutores e de 241 euros para o resto do persoal nos tres anos de convenio.



Xosé Fernández Piñeiro:
“A CIG imprimiu unha nova dinámica no sector”

Xosé Fernández Piñeiro, secretario nacional da FGAMT, salienta que “foi a primeira vez historicamente que neste sector se foi á folga, onde a negociación colectiva estaba absolutamente deteriorada, con pequenas revisións salariais como máximo”.

Piñeiro salienta que “a CIG foi quen de imprimir unha nova dinámica e fomos quen de tirar doutros sindicatos cara á mobilización e á presión, o que propiciou un novo escenario que permitiu acadar melloras económicas importantes, con subas salariais dun 10-11%”.

Folga na conserveira de Vilanova de Arousa

As traballadoras de Pérez Lafuente despois dun mes de mobilizacións conseguen compromiso de carga de traballo

Pouco máis dun mes traballado como máximo no que vai de ano era a situación na que estaban a vivir as fixas descontinuas da conserveira de Vilanova de Arousa Pérez Lafuente. Sen carga de traballo, e cunha dirección que non escoitou as súas demandas, até que as traballadoras se puxeron en pé de guerra pola defensa dos seus postos de traballo.

Na fabricación do enlatado de peixe todas as mulleres nesta planta son fixas descontinuas, agás unha. A maioría das empregadas da conserveira son mulleres, das que moitas xa levan traballando para a fábrica desde hai uns 30 anos.

Baixo os berros de «Queremos traballar e non mendigar», as empregadas reclamaban máis carga de traballo, e un plan de viabilidade para o 2009, xa que se o pasado ano só tiveron seis meses de ocupación, todo apuntaba a que este ano a situación fose peor, dado que a meirande parte non leva traballado un máximo de 40 días e algunhas só 12 días.

Mobilizacións diarias

Desde a última semana de abril estas traballadoras da conserva comezaron as mobilizacións diante da fábrica de 17.30 a 18.30, desde onde despois camiñaban até o concello de Vilanova de Arousa. Ali permanecían concentradas até pasadas as sete e media da tarde.

«Mulleres somos, mulleres seremos, pero na casa non quedaremos» resume o espírito destas mulleres que se negan a abandonar o seu posto de traballo, e reclamaban os seus dereitos como traballadoras fixas descontinuas.

Convocatoria de folga

Mais non ficou aí a resposta destas mulleres, que convocaron folga durante dúas semanas en días alternos no mes de maio, para presionar a dirección da empresa a dar resposta ás demandas deste colectivo, e tamén se concentraron diante da casa dos seus xefes para darlle visibilidade ao que lles estaba a acontecer. Foron días de piquetes, de tensión, de mostrar a forza de menos de trinta mulleres que defendían “o que é noso, despois de pasar toda a vida na fábrica”.

Acordo satisfactorio

Finalmente, e tras a mediación da Consellaría de Traballo, as traballadoras conseguiron o compromiso de que se establezan dúas quendas, de xeito que as 26 traballadoras traballarán en meses al-

ternos divididas en dous grupos, o que lles garante actividade deica o final do ano.

A firma comprometeuse a facer investimentos que permitirán comprar nova maquinaria e recuperar a produción de atún en formato pequeno, o que amplía súas posibilidades comerciais.



Inhabilitan nove anos ao Alcalde de Dozón por prevaricación no caso do acoso laboral a unha delegada sindical e funcionaria da CIG

O xuízo, que se celebrou no mes de marzo, foi froito da denuncia da CIG contra o alcalde por prevaricación, e despois dun longo proceso que incluíu a presentación de múltiples denuncias por acoso laboral por parte dunha empregada do Concello. O conflito xorde hai xa oito anos, cando a traballadora se presentou aos comicios municipais de 1999 na candidatura local do BNG, ademais de saír elixida tamén representante sindical por parte da CIG. Nese momento comeza o que foi denunciado como «acoso laboral sistemático», denunciado reiteradamente e constatado en máis de dúas dúas de sentenzas firmes que condenaban o alcalde a cumprir a lei. O alcalde do PP recorreu esta sentenza, polo que haberá que agardar un novo proceso xudicial.

Iníciase as mobilizacións do '112' en demanda de condicións laborais dignas

As traballadoras e traballadores do servizo de atención a emerxencias, máis coñecido como 112, iniciaron as mobilizacións a mediados do mes de xuño, cunha marcha por Compostela, tras varias semanas desenvolvendo unha campaña informativa por todo o país para dar a coñecer as súas condicións laborais e recoller sinaturas de apoio. Denuncian a precariedade laboral que sofren e os reiterados incumprimentos dos acordos acadados, tanto por parte da empresa, no seu día, como actualmente da Dirección Xeral de Protección Civil.



Exixen a readmisión das traballadoras despedidas da exposición 'Galicia Dixital'

O pasado día 2 de maio, todo o cadro de persoal-11 traballadoras e un traballador-da exposición Galicia Dixital, dependente da Secretaría Xeral de Comunicación (Consellaría de Presidencia), foi despedido tras 8 anos prestando servizos para as diferentes empresas concesionarias encargadas da mostra. Desde aquela veñen mobilizándose para exixir a súa readmisión e denunciar a “hipocrisía” do chamado goberno de progreso que, por unha banda, di promover a creación de emprego, nomeadamente feminino, e pola outra, permite en áreas da súa directa responsabilidade que desaparezan 12 postos de traballo, 11 de mulleres.

As traballadoras da limpeza da provincia de Pontevedra acadan un acordo para o convenio o día antes da convocatoria da folga

A presión sindical, coa convocatoria dunha folga indefinida para o luns 12 de maio neste sector, conseguiu que a patronal retirase a súa proposta, regresiva, e que supuña un auténtico ataque aos dereitos conseguidos ao longo destes anos de negociación colectiva. Acordouse establecer un incremento lineal no salario igual para todas as categorías e nas 15 pagas en 2008 de 30 euros, en 2009 de 35 máis, en 2010 de 40 máis e en 2011 doutros 45.

O cadro de persoal de Serrabal e Ferroatlántica continúa na loita polo cambio de trazado



Tras anos de manifestacións, concentracións, acampadas e innumerábeis actos públicos, os traballadores e traballadoras de Serrabal e Ferroatlántica continúan a mobilizarse por un cambio de trazado do TAV ao seu paso pola explotación mineira. Desta volta manteñen un campamento permanente

a carón do banco cero, onde está a principal veta de silicio solar sobre a que pasará directamente o tren, para tratar de impedir que os técnicos do ADIF se fagan cos terreos e comecen as obras. Fronte ás acusacións do Presidente da Xunta, que asegurou que detrás das mobilizacións está o propio Villar Mir, aseguran que o que defenden son os postos de traballo. Así mesmo, critican a manipulación informativa da que foron obxecto en diversos medios de comunicación e que denunciaron en rolda de prensa diante dos propios medios. Para eles hai unha pregunta á que aínda non se respondeu: por que se pode cambiar o trazado en calquera punto de Galiza agás ao seu paso por Serrabal?

A CIG presenta máis de 19.000 sinaturas para promover unha ILP e derogar o chamado 'plus de altos cargos'



Representantes da CIG -na foto Suso Seixo, secretario xeral, Anxo Louzao, secretario nacional de CIG- Ensino e Héctor López de Castro, do Gabinete Xurídico da CIG- fixeron entrega, o pasado 17 de xuño, das máis de 19.000 sinaturas xa

certificadas pola oficina do censo electoral, para promover unha Iniciativa Lexislativa Popular coa que se pretende, fundamentalmente, a derogación da disposición adicional 17ª, referida ao complemento de destino dos altos cargos. Porén, o xefe de seguridade do Parlamento, recibiu ordes de impedir que se fixesen declaracións aos medios nin sequera ás portas do edificio. Houbo que facelo na rúa.

Os traballadores e traballadoras de Povisa continúan en loita polo cumprimento do convenio



O persoal do Hospital Povisa continúa a manter un conflito laboral coa empresa en reclamación do cumprimento do convenio e contra a precariedade, polo que as traballadoras e traballadores decidiron convocar concentracións no seu centro de traballo, así como unha caravana de coches que percorreu e colapsou o centro de Vigo.

A CIG segue medrando en representación

O ano 2007 remataba coa CIG situada, por vez primeira, en segunda posición no proceso de eleccións sindicais, por diante de CCOO e a só uns cincocentos delegados/as da UGT. Os datos a 30 de abril deste ano, ademais de confirmaren esa segunda posición, constatan que a liña sindical da CIG é respaldada por cada vez máis traballadoras e traballadores.

DATA	CIG	%	CC.OO	%	UGT	%
31-12-07	5.627	28.6%	5.574	28.3%	6.176	31.4%
31-03-08	5.696	28.7%	5.629	28.4%	6.230	31.4%
30-04-08	5.746	28.8%	5.637	28.3%	6.263	31.4%

30 traballadores son despedidos en Guitiriz nunha empresa do sector da pedra

Ingemarga, empresa dedicada ao corte e serrado de pedra e mármore na localidade chairega de Parga (Guitiriz), despediu 30 traballadores, dous deles membros do Comité de Empresa. Estes obreiros foron represaliados ao negárense a traballar na área de serrado as fins de semana, pois o convenio tan só contempla xornada laboral de luns a venres. A empresa reaccionou despedíndoos e, posteriormente, foron substituídos por persoal contratado por medio de ETTs e por traballadores doutras áreas da empresa. O comité de empresa e o cadro de persoal responderon a este ataque patronal con paros, mobilizacións, unha marcha a pé desde Guitiriz a Lugo e folgas durante as fins de semana. Inexplicabelmente un xulgado do Social de Lugo declarou "procedentes" 28 destes despedimentos, nunha sentenza que carece de argumentación xurídica, segundo manteñen desde a CIG de Lugo. Porén, este fallo está recorrido ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

A aplicación no ámbito laboral da Lei Orgánica de Igualdade un ano despois da súa aprobación

■ **Margarida Corral Sánchez**

Departamento Técnico da Secretaría da Muller da CIG

A un ano vista, a aplicación da Lei Orgánica de igualdade para mulleres e homes amosa sensacións agrídoces.

Por unha banda, porque no mundo de traballo calquera mellora que permita a unha traballadora ou traballador facer posíbel o coidado das crianzas e de familiares co desempeño do seu traballo é benvida, ao igual que a maior axilidade nos casos de despedimento por discriminación directa ou indirecta por razón de sexo, ou na tramitación das denuncias por acoso sexual. Mais deixa unha sensación negativa no que é a transposición do que a lei deixa en mans da negociación coa empresa.

Dereito a adaptar a duración e a distribución da xornada de traballo para facer efectivo o seu dereito á conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Remata, en moitas ocasións, coa inexistencia do acordo entre a patronal e a traballadora ou

traballador. A miúdo aléganse motivos relacionados coas consecuencias desta flexibilidade na produción, ou mesmo con agravios comparativos respecto a compañeiras e compañeiros, e na maioría dos casos, as persoas

afectadas non denuncian a denegación dese dereito.

Lactación acumulada en xornadas completas.

Ao estar relegada aos termos que están previstos na negociación colectiva ou ao acordo ao que se chegue coa empre-





sa, adoita suceder que, dunha parte, non hai acordo con respecto ao número de xornadas que deben acumularse (así hai convenios ou pactos que acordan 12 xornadas, outros 13, 14 e mesmo 15, e non sempre ten que ver coa duración da xornada), ou ben négase este dereito, obrigando a traballadora a acollerse á redución de xornada por lactación nunha hora ou dúas fraccións de media hora. Ademais, aqueles traballadores que se acollen ao permiso de lactación, unha vez cedido pola súa compañeira, topan con problemas, ante a falta de colaboración da empresa á hora de achegarlle datos.

Dereito de gozar as vacacións anuais aínda que pasara o ano natural, se coinciden coa suspensión do contrato por risco durante o embarazo ou a lactación.

Ao non aparecer como tal recollida no artigo 38.3 que fala das vacacións, moitas veces é denegado. Igual ocorre co dereito a reducir a xornada en media hora, obvian-do a outra media, que, porén, si aparece recollida na redacción, do dereito a desfrutar dunha hora de ausencia de traballo por lactación, que poderán dividir en dúas fraccións de media hora.

Continxencia por risco durante a preñez.

Malia estar recoñecido o dereito a cambiar a quenda nocturna das mulleres embarazadas ou que aleiten as súas crianzas, non sempre a empresa ou a mutua están dispostas a realizar o cambio.

Despedimentos vinculados ao emprego e uso de permisos relacionados con responsabilidades familiares.

Son, na práctica, discriminacións directas por razón de sexo. Adoitan xustificarse con faltas de asistencia ao traballo, ou cunha serie de motivos que nada teñen que ver coa realidade.

Negociación de medidas dirixidas a aplicar a igualdade de oportunidades nas empresas ou dos planes de igualdade.

Unha negociación que, na maioría dos casos, se levou a cabo coa participación e complicidade dos outros sindicatos estatais, achegando diagnoses nesgadas, planificacións alleas á realidade, co único obxectivo de obter certificados de calidade, ou beneficiarse das subvencións e incentivos que as administracións galega e estatal ofrecen nesta materia.

Obriga de introducir mulleres nos consellos de administración.

Non só non se está a cumprir a medida, senón que tampouco se está a modificar o xeito no que se organizan as reunións nas empresas: fóra do horario laboral, cuestión que só vai favorecer aos homes ou ás mulleres que polo de agora non teñan cargas familiares.

Pequenas empresas.

Estas seguirán coa súa práctica habitual de despedimento das nais ou posibles nais (chegando a acosalas para que marchen ou acepten un despedimento), mesmo facendo gala dunha nova modalidade: a dos homes que soliciten permisos relacionados coas súas responsabilidades familiares. Todo isto coa complicidade dunha Inspección de Traballo que en moitos casos está ausente ou é lenta á hora de atallar estas situacións.

Mais aínda son poucos os homes que se corresponsabilizan do coidado das crianzas e do traballo no fogar, e malia ser necesario impulsar medidas dirixidas nesta dirección, non deberían ter apoio económico cando as mulleres seguen a ser maioritariamente as que se ocupan desta responsabilidade, e non poden beneficiarse das axudas económicas aprobadas para esta materia. Os homes seguen a gañar un 30 ou un 50% máis que as mulleres. Así a parella acaba optando por asegurar o ingreso máis alto e que sexa ela quen que-

de ao coidado da crianza ou do familiar dependente.

Suspensión do contrato por paternidade.

13 días con independencia do que recollan os convenios por nacemento de filla/o. Con esta medida os pais non poden adicarse ao coidado da/o filla/o (case non chegan para deixar listos os trámites relacionados co nacemento). Nin sequera as 16 semanas de permiso da nai chegan dabondo para reincorporarse ao posto de traballo, xa que con 4 meses é difícil atopar a escola infantil que se faga cargo dun meniño/a (e que como mínimo deberá abranguer as 8 horas que dura a xornada laboral). Se o que pretendemos é equiparar a mulleres e homes en canto ao acceso ás contratacións, con esta diferenciación (13 días, 4 meses) estamos estimulando que se contraten homes, xa que non é só unha baixa por maternidade, senón as sucesivas solicitudes de permisos que van solicitar as mulleres, unha vez se atopan coa responsabilidade de ter que traballar e coidar as súas crianzas (sobre todo naqueles casos nos que se careza de apoio familiar).

Horarios de traballo.

Seguen a ser inflexíbeis e non se pode conciliar un horario de traballo de 8 horas, co coidado dunha crianza e o coidado do fogar, tendo en conta que a administración e os comercios abren e pechan fóra do horario laboral establecido (quen merca e a que hora o pan?, cando é preciso ir ao médico ou ao concello, quen vai e en que franxa horaria o fai?...).

Esta lei descansouse desde o principio na iniciativa das empresas, na responsabilidade dos sindicatos para facer cumprir ou impulsar e mellorar esta iniciativa, e nas familias, á hora de resolver a incorporación das mulleres á vida do traballo asalariado. Dunha vez por todas reclamamos o exercicio dos nosos dereitos, pero tamén o investimento necesario para sustentalos e facelos realidade. ■

A protección ao embarazo e a lactación natural: un dereito

Pese a que a maternidade e a paternidade deberían ser consideradas como un contributo social e unha cuestión cotiá, non unha cuestión privada e circunstancial na vida das persoas, a miúdo estas situacións provocan consecuencias laborais adversas, fundamentalmente para as mulleres en canto á contratación, promoción, condicións e postos de traballo.

Todas as empresas teñen a obriga de adoptar as medidas necesarias para evitar que as traballadoras embarazadas ou lactantes estean expostas a calquera tipo de risco que poida danar a súa saúde ou a da súa descendencia. Con este fin en todas as avaliacións de riscos deberían terse en conta estas situacións como ca-

tegoría de análise, establecendo unha lista, co acordo da representación sindical, de postos

exentos de riscos en cada empresa. A existencia desta lista facilitaría a activación inmediata dos trámites para a protección da saúde nestas circunstancias.

Mais a realidade está ben afastada do cumprimento desta medida de prevención, non é só que case a totalidade das empresas non cumpran, senón que nin sequera actúan correctamente ante a comunicación de embarazo dunha traballadora e a valoración dun posíbel risco.

Baixas por enfermidade común

Actualmente son demasiados os casos de mulleres en situación de baixa por enfermidade común cando lles correspondería unha prestación por risco, feito que mingua os seus derei-

tos económicos e laborais, reforzando o prexuízo

e o tratamento de embarazo como unha enfermidade, alén da fraude que estas situacións supoñen para o sistema público de

saúde que entre todos e todas pagamos.

Por outra banda e, froito da desinformación e presión empresarial, son tamén moitas as mulleres que seguen desenvolvendo a súa actividade profesional con normalidade en casos nos que existen riscos para a saúde.

Proceso longo e difícil

Alén disto, nos casos nos que as mulleres comezan a tramitación desta prestación topamos cun procedemento complexo, custoso e pouco efectivo. En primeiro lugar, as empresas adoitan ser demasiado reticentes ao recoñecemento de posíbeis riscos para a saúde, existen nas empresas numerosas exposicións a riscos non avaliadas. Unha vez feito o trámite empresarial, as mutuas adoitan dar as maiores dificultades posíbeis; recordemos que se trata dunha prestación na que esta entidade asume o pagamento á traballadora, non recoñecendo en todas ocasións os riscos existentes e respondendo á solicitude o máis tarde posíbel.

Fóra dos problemas derivados da falta de sensibilidade para os problemas desta natureza dos organismos implicados, tamén hai que apuntar que existe unha carencia brutal de estudos médicos sobre os factores que poden influír negativamente na saúde nos casos de embarazo e, especialmente, na lactación natural. ■





18 de maio: histórica mobilización en defensa do idioma

Posibelmente nin os máis optimistas foron quen de predicir a magnitude da manifestación que, baixo o lema “Polo dereito a vivirmos en galego”, tivo lugar na capital galega o pasado 18 de maio, xusto un día despois da conmemoración oficial do Día das Letras Galegas. Promovida pola Mesa pola Normalización Lingüística e apoiada por máis de trescentos colectivos e organizacións sociais (entre estas, a CIG), a convocatoria foi todo un éxito, polo menos no que se refire ao número de xente mobilizada. De feito, a manifestación converteuse nunha das de maior asistencia nas últimas décadas.

Malia o habitual baile de cifras que se adoita producir cando de mobilizacións se trata, o número de asistentes a esta manifestación nacional en defensa do idioma parece que non estivo moi lonxe das vinte mil persoas. Vinte mil persoas que representan unha parte socialmente activa do noso pobo na procura da normalización plena de usos da lingua galega. Fronte aos ataques que nos últimos tempos se veñen producindo por parte de colectivos mino-

ritarios contrarios a calquera avance nos dereitos lingüísticos da sociedade galego-falante, esas vinte mil gorxas deixaron claro que non van permitir esas actitudes chantaxistas, que só buscan manter os seus privilexios froito dunha imposición lingüística, a do español sobre o galego. Imposición que crebrou a lóxica histórica do galego como lingua propia e normal de Galiza e que contou con todos os instrumentos e resortes do poder.

O acto de remate da manifestación serviu tamén para poñer de manifesto que aínda 25 anos despois da Lei de Normalización Lingüística de Galiza seguen a existir numerosos atrancos para que o galego se converta na lingua normal de uso nos diferentes ámbitos da sociedade galega. Así o testemuñaron persoas como a xuíza Ana López-Suevos Fragueta, denunciada perante o Consello Xeral do Poder Xudicial pola Cadena Cope por redactar un sentenza en galego; como Xesús da Torre, traballador que non foi contratado nun hotel vigués por ser galego-falante habitual; como Ignacio Vilar, director de cinema e produtor da fita Pradolongo, que non atopou exhibi-

dores nas salas comerciais por estar rodada integramente en lingua galega; ou como o mestre e sindicalista Eduardo Álvarez, denunciado e sancionado por reclamar da administración o dereito a se expresar e a recibir información en galego. Todas elas persoas que no último ano viron como os seus dereitos lingüísticos eran, dunha ou outra maneira, coartados ou limitados. Entre as catro, deron lectura ao manifesto redactado pola Mesa para a ocasión, un manifesto que no seu primeiro punto lembraba que “o pobo galego ten dereito a que a súa lingua ocupe todos os ámbitos da vida social propios de calquera idioma, con dignidade e con normalidade”

A intervención final no remate da mobilización, feita por Carlos Callón, presidente da Mesa pola Normalización Lingüística, puxo tamén o acento na discriminación aínda existente por empregar o galego e fixo un emprazamento aos poderes públicos, e nomeadamente á Xunta de Galiza, para que contribúan a corrixir a situación e se acabe coa situación de minorización lingüística que sofre o noso idioma.

ts

Resposta social ante os ataques da COPE á nosa lingua

Centos de persoas secundaron, o pasado 23 de abril, o chamamento feito polo Movemento polos Dereitos Civís (MpDC) para concentrárense diante das emisoras da COPE nas sete cidades principais da Galiza, por mor da súa actitude de desprezo do idioma galego feito pola emisora dos Bispos españois. O lema utilizado nestas concentracións foi: “A COPE quiere amordazar a nosa lingua. Non llo imos permitir”.

Esta convocatoria de mobilización, que contou co apoio da CIG, veu motivada pola denuncia que Radio Popular, S.A. (propietaria da COPE) presentara perante o Consello Xeral do Poder Xudicial contra a maxistrada galega Ana López-Suevos Fraguela, titular do Xulgado do Social núm. 2 de Santiago de Compostela. Denuncia que dicía basearse na suposta parcialidade da xuíza por permitir a utilización do galego nun xuízo contra a emisora e por emitir tamén en galego a sentenza do devandito xuízo.

Con todo, a denuncia da radio da Conferencia Episcopal resultaba, tal e como se recollía no manifesto que se leu

no remate das concentracións, “reveladora do ánimo vingativo da emisora ao recibir unha sentenza contraria aos seus intereses empresariais e tamén dos seus fondos prexuízos contra o galego, unha lingua que sita moito de ser de uso normal na Administración de Xustiza”.

O propio Consello Xeral do Poder Xudicial, precisamente un organismo que non destaca polo seu compromiso coas linguas oficiais do Estado español diferentes do castelán, desestimou a denuncia interposta contra a maxistrada galega, o que indicativo da inconsistencia dos argumentos esgrimidos na acusación promovida pola Cope. É máis,


o xuízo que deu lugar á posterior denuncia veu motivado polo arbitrario despedimento dunha traballadora por causa da súa orientación sexual e a súa ideoloxía, algo que contravén claramente o ordenamento legal existente.

Ademais das concentracións diante dos locais da emisora nas sete cidades, tamén se produciu a mobilización das persoas vinculadas ao mundo da Xustiza e o Dereito, coa redacción dun manifesto e o inicio dunha campaña de recollida de sinaturas en apoio á maxistrada López-Suevos Fraguela e denunciando a actitude de desprezo contra o idioma do país por parte da radio dos Bispos españois. ■



Está promovida polo Departamento de Normalización Lingüística

A CIG pon en marcha unha campaña de sensibilización lingüística nos centros de traballo



Cadrandos co mes de maio, no que se celebran as Letras Galegas, o Departamento de Normalización Lingüística da CIG puxo en marcha un nova

campaña de fomento do uso do galego no mundo do traballo. A devandita campaña está destinada, por unha banda, a concienciar os traballadores e traballadoras a respecto da utilización da nosa lingua nos centros de traballo, así como á súa posta en valor no eido laboral. Por outra banda, tamén se busca a denuncia daquelas situacións de discriminación que aínda se producen por mor do uso do noso idioma nos centro de traballo.

A campaña leva como lema xeral “O galego implicanos a todos (Máis galego no teu centro de traballo)” e, como materiais para o seu espallamento polas empresas, preparouse un díptico informativo, dando conta da realidade da situación do galego nos ámbitos laborais, así como se imprimiu un cartaz, no que ademais do lema da campaña se facía un chamamento á manifestación nacional a prol da lingua galega do pasado 18 de maio. Como complemento visual da campaña, tamén se colocaron banners publicitarios en diferentes webs de referencia do noso país. ■

Exixirán dos responsábeis políticos que se respecte a legalidade vixente

Campaña a prol do galego nas administracións públicas

A federación de Administración Pública da CIG anunciou o pasado mes de maio o comezo do desenvolvemento dunha campaña dirixida a fomentar o uso do galego en todos os ámbitos da administración pública, baixo o lema “Polo dereito ao uso do nosos idioma nas administracións públicas”. Para iso, alén de sensibilizar os traballadores e traballadoras, exixírase dos responsábeis políticos o cumprimento da legalidade vixente nesta materia.

Na valoración que fan os responsábeis da devandita federación, transcorridos 25 anos da aprobación da Lei de Normalización Lingüística, a falta de vontade política para promover o seu cumprimento por parte dos sucesivos gobernos ten provocado unha perda progresiva do uso do galego a nivel social, en xeral, e na administración pública, en particular.

Esa perda de usos e a necesidade, non xa de recuperar espazos para a nosa lingua, senón mesmo de “garantir os dereitos dos cidadáns a ser atendidos

no seu propio idioma, en galego”, foi o que levou a CIG-Administración a decidir a posta en marcha desta campaña.

A campaña vaise desenvolver en dúas fases, unha primeira antes do verán, e unha segunda xa nos meses do outono e inverno. Para a primeira fase, editáronse unha serie de carteis e dípticos que será distribuídos en todos os centros de traballo dos distintos ámbitos da administración pública: administración local, administración autonómica, administración periférica do estado, administración de Xustiza e Correos. Ademais, remitiranse escritos dirixidos aos máximos responsábeis destas administracións exixindo o respecto pola legalidade vixente.

Para a segunda fase da campaña, está prevista a distribución doutro cartel e mais a convocatoria dun encontro de delegados, de carácter monográfico, para facer non só un labor de concienciación, senón tamén para promover que coñezan a lexislación vixente.

A directiva dos traballos forzados

Na madrugada do 10 de xuño de 2008, os ministros de Traballo da Unión Europea deron un paso decisivo para a aprobación dunha directiva comunitaria que permita traballar máis de 65 horas á semana, descontando os períodos inactivos das gardas do tempo efectivo de traballo. A entrada en vigor da norma só depende agora de que o Parlamento europeo, de maioría conservadora, lle dea o empurrón definitivo.

■ **Héctor López de Castro Ruíz**
Avogado da CIG

Após varios anos de preparación, a chegada ao poder de Nicolas Sarkozy na Franza e Silvio Berlusconi na Italia abriu a porta a unha semana de traballo que pode atinxir as 78 horas. O crime foi perpetrado en Bruxelas, con nocturnidade e aleivosía, nunha reunión dos ministros de Traballo dos 27 estados-membros. Consoante ao texto adoptado por maioría cualificada, mantense a xornada semanal de 48 horas, recollida na norma europea vixente. Porén, esta limitación do tempo de traballo é cada vez máis ficticia. O acordo prevé a posibilidade de derogar esa xornada máxima mediante un pacto individual entre o asalariado e o empregador.

Baixo a única reserva de que tal opción estexa recollida nun convenio colectivo, nun acordo entre «parceiros sociais» ou na lexislación estatal, a duración máxima semanal da xornada pode dispararse até as 60 horas con carácter xeral –calculadas como promedio durante un período de

tres meses–, ou mesmo as 65 horas se unha parte da xornada de traballo é de garda presencial. E tais límites poderán ser tamén ultrapasados se o convenio colectivo o permite.

Este sistema de derogación singular da xornada máxima de traballo –denominado «opt-out» na xiría comunitaria– é frecuente no Reino Unido, paradigma europeo da desregulamentación social, onde a semana de traballo pode atinxir as 78 horas, co único límite do descanso obrigatorio de 11 horas entre xornadas. Baixo a presión dos británicos, a directiva europea sobre ordenación do tempo de traballo de 1993 incorporou o «opt-out» a título experimental e durante un período de dez anos, ao termo do cal debía ser suprimido se non se revelaba inocuo para o suposto «modelo social europeo». Porén, o acordo ministerial do 10 de xuño de 2008 fai saltar todos os límites de tempo: o «opt-out» consolídase ad vitam aeternam e con carácter xeral. A reacción dos ministros do Reino Unido, Irlanda e Polonia, que



saíron da reunión con caras de satisfacción e falando dun «óptimo acordo», pode servir de termómetro para calibrar as gravosas consecuencias que vai ter para a clase traballadora. Neste sentido, o «opt-out», que comezou sendo unha peculiaridade insular, ten cada vez máis adeptos no continente. Varios países foron sucumbindo ao encanto neoliberal da cláusula, para favorecer xornadas extenuantes no sector sanitario. Outros, como Luxemburgo, regularon un «opt-out» singular para a hostalaría e a restauración.

Como contrapartida á consolidación da cláusula «opt-out», o acordo ministerial introduce certas «garantías» fronte aos previsíbeis abusos das empresas. Así, a validez do consentimento –que deberá constar por escrito– non poderá ser superior a un ano e será renovábel. Ademais, non poderá ser outorgado no momento da sinatura do contrato nen durante as ca-

tro primeiras semanas da relación laboral. No entanto, resulta moi cuestionábel que estes contrapesos vaian resultar efectivos no marco dun pacto de inspiración ultraliberal que descoñece os principios máis básicos do Dereito do Traballo.


Un outro aspecto regresivo do acordo do 10 de xuño de 2008 é a introdución nun texto normativo da noción de «períodos de garda inactivos», que non poderán ser contabilizados como tempo efectivo de traballo. Esta disposición afecta especialmente as profesións sanitarias e ten por obxectivo desactivar a doutrina do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, recollida nas sentenzas SIMAP e Jäger, que declararon que os períodos de espera inactivos nas gardas médicas son, para todos os efectos, tempo de traballo efectivo. Trátase, pois, dunha medida dobremente lesiva, para os profesionais sanitarios e para os doentes, pois a prolongación das xornadas

dos primeiros redunda necesariamente nunha peor atención dos segundos.

Co obxectivo de adoazar un pouco o amargo sabor das dúas medidas precedentes, o consello de ministros de Traballo adoptou, no mesmo texto, un acordo relativo aos traballadores das empresas de traballo temporal, de xeito que, desde o primeiro día de traballo, se beneficien do mesmo tratamento (salario, protección social, etc.) que os traballadores contratados directamente pola empresa usuaria. Trátase, con certeza, dun progreso real –nomeadamente para os países en que esta igualdade de trato aínda non estaba recoñecida– que, porén, non pode servir de escusa ou lenitivo para avaliar de forma menos crítica a nova directiva sobre o tempo de traballo.

As medidas adoptadas en Bruxelas, que supoñen un aberto convite á desregulación social e á individualización das relacións de traballo, non contaron coa unanimidade dos 27. Cinco estados (o Reino de España, o Reino de Bélxica, Grecia, Hungría e Chipre) pronunciáronse en contra da reforma da directiva, sen que isto se traducise nun voto negativo, senón nunha tímida abstención e no compromiso de tentar «mellorar» o proxecto no Parlamento Europeo, ao cal se dirixen agora todas as olladas.

En conclusión, estamos ante un ataque sen precedentes aos dereitos dos traballadores e ás conquistas históricas do sindicalismo. É certo que a norma só permite e non impón a xornada de 60 a 65 horas, de modo que haberá países en que non se chegue a implantar. Porén, a súa aplicación noutros estados-membros dará lugar a unha desharmonización nos dereitos sociais que reverterá en procesos de deslocalización industrial, dumping social e deterioro global das condicións de traballo. Na Unión Europea, o século XXI cada vez se asemella máis ao século XIX. ■



Faixa pola xornada de oito horas.
Melbourne, 1856 (Fonte: Wikipedia)

Un ano máis, o goberno colombiano tivo que render contas na OIT

Colombia: o exterminio sindical planificado e sistemático

O 13 de xuño clausurouse en Xenebra a 97ª Conferencia Internacional do Traballo, cita anual que reúne durante tres semanas a gobernos, patronal e sindicatos dos 181 estados membros da OIT (Organización Internacional do Traballo). Participaron na edición deste ano 327 centrais sindicais, a CIG entre elas, vidas de todos os lugares do planeta.

■ Ramón Boán



Julio Roberto Gomez, Secretario Xeral da CGT - Confederación Xeral de Traballadores de Colombia.

A CIG vén participando de maneira habitual na “Comisión de Aplicación de Normas”, comisión que examina as denuncias presentadas contra os estados que incumpren os Convenios Internacionais do Traballo que previamente ratificaron e se comprometeron a aplicar.

Ano tras ano, a comisión retoma a situación en Colombia para examinar denuncias por secuestros e asasinatos de sindicalistas, despedimentos masivos antisindicais, inxerencias na autonomía dos sindicatos, declaración de cesamentos da actividade sindical, negativa a negociar colectivamente, lexislación laboral en desacordo cos convenios internacionais ratificados..

A loita antisindical en Colombia realízase desde todas as fronte: gobernamental, patronal, lexislativa, militar, paramilitar, propagandística... e as consecuencias son trágicas. Actúase contra as persoas con ameazas, secuestros

e asasinatos; léxíase para impedir a afiliación aos sindicatos; promóvense os “pactos colectivos” en substitución da negociación colectiva; danse primas económicas aos traballadores non sindicados; impídese a inscrición de novos sindicatos; non se admiten sindicatos de sector... Como consecuencia de todo isto, a Comisión de Liberdade Sindical da OIT, nos últimos 20 anos, leva feito 153 recomendacións aos sucesivos gobernos colombianos sen que estes se dean por aludidos.

As cifras subministradas pola Escola Nacional Sindical falan por si soas: entre o 1 de xaneiro de 1986 e o 30 de abril de 2008 hai documentados 2.667 sindicalistas asasinados e asasinadas e 193 desaparecidos; a maiores, 1.407 tiveron que cambiar de lugar de residencia (moitos deles están fora de Colombia) e 3.749 recibiron ameazas de moi diversa índole. De todos os asasinatos, 456 cometéronse durante a actual presidencia de Álvaro Uribe, sendo xa 34 os asasinados e 5 os desaparecidos desde o 1º de xaneiro deste ano. Todas estas accións están sistematicamente amparadas pola impunidade na que se moven os seus autores materiais e intelectuais: a por-

centaxe de impunidade con relación aos 2.667 asasinatos documentados é do 96,8%.

A regularización á que se están sometendo os grupos paramilitares está poñendo ao descuberto o seu importante protagonismo no exterminio sindical recoñecendo a autoría dalgúns asasinatos (en 323 casos dos 1.973 que lle son atribuídos). O mesmo proceso está permitindo comprobar a íntima vinculación entre empresas e paramilitares no masacre sindical colombiana.

Asasinatos e secuestros son a parte máis rechamante do acoso ao sindicalismo, pero non é a única. A lexislación sociolaboral está a ser un potentísimo instrumento antisindical en mans da patronal apoiada nun goberno militantemente neoliberal que ten a maioría nas cámaras lexislativas.

Colombia é, xunto co Perú, o país latinoamericano con máis porcentaxe de traballo informal. Segundo a OIT, o traballo informal “comprende aos traballadores e traballadoras cuxa relación laboral non está suxeita á lexislación laboral nacional... estando ocupados en empresas do sector formal, informal ou no fogar”. En Colombia, no ano 2006, a taxa de emprego informal era do 62,6%; agora ben, a lexislación colombiana permite a sindicación unicamente aos traballadores e traballadoras que teñan un contrato de traballo cunha empresa privada ou sexan funcionarios. Así, por vía lexislativa, a maioría dos traballadores e traballadoras de Colombia teñen prohibido crear ou pertencer a un sindicato.

Para completar o cadro, o dereito á sindicación tamén lles está vetado aos traballadores asalariados contratados mediante a multiplicidade de modalidades que contempla a lexislación colombiana: “traballo asociado”, “traballo en misión”, “contrato de subministro”, “contrato de axencia comercial”, “de prestación de servizos”, “orde de ser-

vizo”... En fin, unha diversidade contractual “non laboral” que agudiza a precarización do traballo e prohíbe a sindicación do traballador ou traballadora.

Outra ferramenta antisindical de uso constante por parte do goberno, a través do Ministerio da Protección Social, é a reiterada negación da “inscrición de actos sindicais”, moi especialmente o rexistro de novos sindicatos, a actualización de estatutos ou a renovación das direccións. Entre o ano 2002 e o 2007, 231 novos sindicatos non foron inscritos no rexistro ministerial nin se aceptou dar entrada ao cambio de dirección de outros 178 utilizando para todo iso os máis variadas razóns formais... e case sempre a instancias da patronal!

En Colombia, a maioría da poboación ocupada estao en empresas de menos de 10 traballadores pero para constituír un sindicato hai que contar cun mínimo de 25 membros e os sindicatos de sector ou industria non contan cun marco legal que lles permita actuar nestes casos. Outra maneira “legal” de excluír da sindicación a un importantísimo colectivo de traballadores e traballadoras.

A patronal, pola súa parte, milita abertamente no antisindicalismo: pro-

move sistemas de contratación que impiden a afiliación ou condiciona o contrato á non sindicación; impón “pactos colectivos” e “planos de beneficios” extraleais como “mecanismos alternativos que desincentivan a afiliación sindical”; expulsa sen contemplacións aos promotores de sindicatos. E non ten reparo ningún en apoiarse en grupos paramilitares (con múltiples casos probados) para “intimidar” as organizacións sindicais, “animar” os traballadores a que deixen os sindicatos ou para “aconsellarlles” que renuncien á negociación colectiva.

Con todo este panorama non é de estrañar que a negociación colectiva cubra unicamente ao 1% dos traballadores. A maiores, é unha taxa de cobertura en descenso permanente: do 2002 ao 2007, diminuíu nun 29%, sendo na actualidade unha das taxas máis baixas de todo o mundo.

Como tampouco é de estrañar que a taxa de sindicalización en Colombia estea no 4,5% dos asalariados e asalariadas. Polo contrario, aínda parece unha cifra extremadamente elevada tendo en conta o contexto e as consecuencias que a sindicalización e a actividade sindical poden levar aparelladas. ■



Miguel Morantes e Apecides Alviz, Secretario Xeral e Presidente da CTC – Confederación de Traballadores de Colombia.

Paraguai: A fin dun ciclo

O triunfo do ex bispo Fernando Lugo nas eleccións do pasado 20 de abril pon fin a case 61 anos de predominio do Partido Colorado. A meirande parte deste período transcorreu baixo o signo dunha das máis feroces e reaccionarias ditaduras de América latina, presidida por Alfredo Stroessner, quen se fixo do poder mediante un golpe de estado en 1954 e permaneceu nel até 1989. Logo do seu derrocamento o Partido Colorado retivo o poder político, até o 20 de abril.

■ Atilio A. Borón

Ao longo deses anos, Paraguai, un país que, como Bolivia, posúe grandes recursos naturais e unha poboación relativamente pequena (non chega aos sete millóns de habitantes), foi a máis no seu atraso económico, político e cultural, condenando á pobreza a gran maioría dos seus fillos e retendo a aqueles que non emigraron baixo as tenaces dun sistema corrupto até a cerna, onde os máis altos funcionarios do Estado eran, con moi poucas excepcións, os organizadores do saqueo practicado en contra da nación guaraní.

Co triunfo de Lugo caeu o último bastión dos despotismos que arrasaron a rexión durante a segunda metade do século pasado. O de Paraguai foi o máis lonxevo; mudou de pel como unha serpe e fixo por perpetuar a ditadura do mesmo bloque dominante baixo unha roupaxe que apenas



formalmente podía parecer democrática. O transformismo do que falaba Gramsci foi unha verdadeira escola entre a clase política paraguaia e os cambios que ocorreron despois da partida de Stroessner serviron, como dicía o Gatopardo, para que todo seguise igual.

Con Lugo como presidente toda a estrutura da sociedade paraguaia enfrontárase a fortes movementos. Por empezar, do aparello clientelar montado desde hai seis décadas e alimentado permanentemente pola corrupción imperante. A oposición con que se enfrontará o ex

bispo será inclemente e intratábel: donos absolutos de vidas e facendas durante décadas e oportunistas e hipócritas adherentes á norma do xogo

democrático non deixarán de empregar calquera recurso para desestabilizar o proceso e provocar unha situación similar á que hoxe sofre en Bolivia Evo Morales.

Por outra banda, coma se a oposición interior fose pouca cousa, os ollos do imperio chantaranse de hoxe en diante na irmá república paraguaia, que pasará a engrosar a lista dos gobernos con “débeis credenciais democráticas”. A imperdoábel miopía dos gobernos de Brasil e Arxentina, a mesma que está empurrando cada vez con máis forza ao Uruguai cara aos brazos dos Estados Unidos, fixo que Asunción terminase por conceder para uso das forzas estadounidenses a base aérea de Mariscal Estigarribia. Situada nunha zona practicamente despoboadada, a uns 200 quilómetros da fronteira de Arxentina e uns 300 de Brasil, ten a pista aérea máis extensa do Paraguai, superior á do ae-

roporto internacional de Asunción e capacidade para albergar 20.000 tropas. Tropas que gozan de inmunidade baixo un suposto “Acordo Militar de Adestramento” asinado entre galos e á media noite en 2005, mentres Itamaratí e a Chancelaría arxentina estaban distraídas en cuestións menos relevantes.

Haberá que ver se agora que Lugo é goberno Arxentina e Brasil pasan da retórica da solidariedade ao apoio efectivo a un goberno que vai necesitar de moita axuda para poder sobrevivir aos embates xa deseñados para precipitar o seu fracaso e volver ao Paraguai á súa normalidade. ■



Fernando Lugo,
presidente de
Paraguay, e
Rafael Correa,
presidente
de Ecuador

Hai un século: loita obreira e represión na América Latina

A globalización neoliberal apóiase en boa medida na revolución informacional, de xeito tal que a saturación de información, case que sempre sen contido e alienante, mesmo ás veces utilizando cinicamente a mentira, agocha intencionadamente aqueles feitos que contextualizan a realidade social, económica e política. Daquela que as referencias históricas, que sempre son fundamentais para analizar acaidamente a realidade actual e os posíbeis escenarios futuros, fiquen esquecidas ou deformadas, moitas veces como unha anécdota.

Isto acontece especialmente con aquela información que ten unha relación directa coa nosa identidade como nación, aínda que tamén con outras realidades máis afastadas xeograficamente que descubren a barbarie coa que se constrúe o poder das clases dominantes, e que permitiría fixar paralelismos. Por iso neste caso imos achegar ao lector/a dúas loitas mineiras significativas, que se deron hai un século en México e Chile, na América Latina, e que teñen en común a rebeldía obreira e a represión da patronal coa colaboración de gobernos submisos aos seus ditados e ao imperialismo.

1906 México, a folga de Cananea

Cando pensamos en México, especialmente nos intres previos á Revolución, de seguro matinamos en masas de campesiños e indíxenas, esquecendo a existencia así mesmo dunha base obreira organizada, que despois tamén participaría na Revolución, seguindo as directrices da “Casa del Obrero Mundial” (ou do Sindicato Mexicano de Electricistas).

Para termos unha idea do escenario no que acontecen os feitos que imos comentar, debemos saber que en 1910 a poboación mexicana atinxía 15.160.400 de persoas; había no país 29 cidades con máis de vinte mil habitantes, os activos eran 5.272.100, a industria ocupaba 850.500 traballadores



México, a folga de Cananea



Guardas da Mexico company

(un 16,1%) e a rede de ferrocarrís estendiase 19.205 quilómetros. A maior parte do investimento é capital norteamericano, especialmente no transporte e a minería, capital que ademais controla unha boa parte dos latifundios. Hai unha distribución desigual da terra, nunha nación onde a maioría de xente vive no rural, cunha gran concentración en grandes facendas, isto alenta o descontente e a revolución social da masa empobrecida. Convivían polo tanto aspectos de modernización e atraso, ou sexa, un país dependente e unha sociedade dual. Desde 1876 gobernaba Porfirio Díaz, con man de ferro, favorecendo o investimento estranxeiro e a concentración da terra.

O paro de Cananea xurdiu cando os mineiros reclamaron oito horas de traballo e cinco pesos diarios de salario. Sobre 1.200 obreiros –dos 2.000 en paro– acompañan a Calderón e Diéguez a entregar un documento de reivindicacións á dirección. O presidente da mina Cananea, Greene, gozando de impunidade total logra o apoio das forzas federais, o corpo de rurais e as gardas fiscais, avalados polo réxime de

**O PARO DE CANANEA
XURDIU CANDO OS MINEIROS
RECLAMARON OITO HORAS
DE TRABALLO E CINCO PESOS
DIARIOS DE SALARIO.**

Porfirio Díaz, que os autoriza a obraren como fose necesario e con toda enerxía. Despois do primeiro enfrontamento, parálizase toda a actividade na mina de cobre, unha columna de folguistas toma as oficinas da dirección de Cananea e outra columna cos feridos e mortos á cabeza achegase ao pazo municipal demandando xustiza. Os escoltas de Greene abren fogo sobre estes últimos, caen seis obreiros e un rapaz de once anos. Un grupo de mineiros toma o Monte Pío

apoderándose de rifles e pistolas. Apoboación amotinada pide armas fronte ao concello. O enfrontamento entre os escoltas e os obreiros

xeneralízase, os primeiros disparan con balas Dun-Dun (prohibidas en todos os exércitos do mundo).

Ocapitán estadounidense Rynning enviou un telegrama ao gobernador de Arizona no que lle dicía que “dado que o gobernador de Sonora, sr. Izábal, mo pide, partirán 275 voluntarios para protexer os intereses norteamericanos”.



Chile, Iquique

Chile, masacre delquique



Estas forzas entran en territorio de México e súmanse aos escoltas de Greene e aos distintos corpos mexicanos. A loita desigual sáldase con 100 detidos, outros son asasinados por francotiradores, os dirixentes Calderón e Diéguez son condenados a quince anos de prisión en San Juan de Ulúa. Segundo outras fontes o saldo final é de 22 mortos, 23 feridos e 50 detidos, e centos de fuxidos por temor.

Malia a derrota, a loita de Cananea serviu para amosar os obreiros mexicanos que a ditadura podía ser enfrontada por unha forza organizada. A prensa oficial intentou afogar os sangrentos feitos, malia que a oposición, sen temer a represión, se encargou de espallalos por todo o país (Rebelión Obrera en México).

1907 Chile, masacre en Iquique

A finais do século XIX Chile tiña unha poboación de 2.700.000 habitantes. No ano 1880 a extracción de cobre, que se realiza con medios técnicos moi atrasados devece axiña; a explotación de salitre, que a substitúe, dará lugar á formación dun novo proletariado mineiro con definidas características de clase. O traballo realízase en condicións moi precarias, sen as seguridades mais elementais. Hai accidentes mortais arreo. Aos baixos ingresos hai que sumar o sistema de pulperías (almacéns que fornecen do máis esencial ás familias obreiras), que na práctica realizan un desconto en beneficio do patrón, e en moitos casos son unha parte esencial dos ganancias empresariais.

As reivindicacións dos obreiros nesta etapa son sempre as mesmas: 1) límite da xornada laboral; pagamento das horas extras; prohibición do traballo nocturno; 2) seguridade no traballo e indemnización por accidente; 3) fin do sistema de pulperías; 4) recoñecemento legal dos sindicatos e mancomunidades obreiras. Son esixencias mínimas, que pretenden un traballo regulado e con seguridades elementais, e compensar as perdas por inflación.

No ano 1907 houbo unha queda nas

exportacións chilenas de salitre, que provocou o medre do desemprego na zona produtora no norte do país. O descontento obreiro foi a máis e o 12 de decembro dese ano comezaron a baixar a Iquique columnas ordenadas de traballadores, aos que se suman os obreiros da cidade en solidariedade. Na escola Santa María xúntanse 20.000 persoas, que escollen un Comité de Folga e apoian unha táboa reivindicativa. O Comité toma o control da cidade garantido a orde pública e o abastecemento.

AS REIVINDICACIÓNS DOS OBREIROS SON SEMPRE AS MESMAS: 1) LÍMITE DA XORNADA LABORAL; PAGAMENTO DAS HORAS EXTRAS; PROHIBICIÓN DO TRABALLO NOCTURNO; 2) SEGURIDADE NO TRABALLO E INDEMNIZACIÓN POR ACCIDENTE; 3) FIN DO SISTEMA DE PULPERÍAS; 4) RECOÑECIMENTO LEGAL DOS SINDICATOS E MANCOMUNIDADES OBREIRAS. SON ESIXENCIAS MÍNIMAS, QUE PRETENDEN UN TRABALLO REGULADO E CON SEGURIDADES ELEMENTAIS, E COMPENSAR AS PERDAS POR INFLACIÓN.

A patronal non cede ás esixencias e esixe a represión dos folguistas. O intendente (alcalde) retorna días despois do inicio do paro acompañado por forzas do Exército e a Mariña; o día 21 as tropas disparan contra a xente reunida na escola, deixando 2.000 persoas mortas. A represión continúa co fusilamento de varios dirixentes obreiros e fórzase os traballadores en folga a retornaren ás pampas (zona desértica onde están as minas). O parte do xeneral Silva Renard verbo da matanza de Iquique é ilustrativo: “A praza estaba ateigada por unha turba que non puido entrar ao interior da escola. Dentro había unhas 5.000 persoas... que constituían a parte máis decidida... fixen avanzar as metraladoras do cruceiro Esmeralda e coloqueinas fronte á escola con puntería

fixa... pregueilles que evitasen á mariña o uso da forza... ordenei unha descarga por un piquete do rexemento O’ Higgins. A esta descarga respondeuse con tiros de revólver... Entón ordenei dúas descargas máis e fogo de metraladora...”. O Presidente era Pedro Montt, e o Ministro do Interior que ordenou a represión Rafael Sotomayor Gaete.

A masacre de Iquique non é un feito illado xa que en febreiro de 1906 nun paro de ferroviarios en Antofagasta, tamén no norte de Chile, ao que se suman portuarios, traballadores do salitre e da industria local, será atacado por militares ao remate dun mitin causando 48 mortos. Os obreiros reaxen violentamente diante da represión, que continúa. A folga esténdese a Santiago, Punta Arenas, Valdivia, Coronel, Coquimbo. O 1º de maio desfilan dez mil obreiros en Santiago encabezados por Recabarren (fundaría o Partido Comunista de Chile). Recabarren será detido e pechado o xornal “La Vanguardia”. Sobre as consecuencias da folga de Iquique e da criminal represión, que en principio sería unha derrota, convén dicir que no ano seguinte houbo en Chile 29 paros importantes, amosando que non se foi quen de frear a loita da clase traballadora.

■ Manuel Mera

Bibliografía

Silvia Cragnolino, *“Rebelión Obrera en México, la Huelga de Cananea”*, Historia del Movimiento Obrero, Centro Editor de América Latina, Arxentina.

Adolfo Gilly, *La Revolución Interrumpida*, Ediciones Era, México.

“Huelga de Cananea”, Wikipedia.

Eduardo Viola, *“Organización Obrera e insurrección en Chile”*, Historia del Movimiento Obrero, Arxentina.

Eduardo Viola, *“Recabarren, los orígenes del movimiento obrero en Chile”*, Historia de América, Centro Editor de América Latina, Arxentina.

“La matanza de la escuela de Santa María de Iquique”, Wikipedia.



Estudo socioeconómico da bisbarra de Ortegal (co DVD Ortegal: olladas e perspectivas)

Esta obra fai un percorrido por unha terra que conta con grandes potencialidades de desenvolvemento, malia o cal nas últimas décadas viu como aumentaba a emigración e se perdía emprego, especialmente no sector primario. Saír desta situación de estancamento está moi relacionado, tal como salientan as persoas entrevistadas, coa ordenación do territorio, dotar de infraestruturas e servizos axeitados á zona, e aproveitar acaidamente toda a capacidade produtiva da bisbarra. Non é doado, tendo en conta os antecedentes, aínda que tampouco imposible, se hai medios e folgos para facelo. As 150 páxinas que compoñen este libro, con abondosas fotografías e táboas estatísticas -xunto cun DVD-, son un contributo a esta tarefa.



Exposición: “O exilio galego en Venezuela”.

FESGA está a levar por todo o país unha exposición de 20 paneis de 170 x 90 cm, ilustrados con fotografías e documentos orixinais, dedicada a divulgar na nosa Terra o salientábel rol xogado polo exilio galego en Venezuela. Foi realizada polo noso compañeiro Xurxo Martínez Crespo, que tivo ao seu cargo o traballo de documentación e a elaboración dos textos descritivos. Esta exposición itinerante inaugurouse en Cangas o pasado 18 de decembro. Xa visitou Noia, O Porriño, A Estrada, A Coruña e proximamente pasará por Cuntis, Boiro e Ferrol e Castelló (no País Valencià).



A crise do modelo neoliberal e propostas alternativas. Xavier Vence Deza.

Xavier Vence, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago presentaba, a mediados do mes de abril, no seo dunhas xornadas de formación organizadas pola CIG, unha análise da actual situación de crise económica, as súas causas e as posibles alternativas. O economista, que ten colaborado en numerosas ocasións coa Confederación Intersindical Galega, concluíu nese foro que estamos diante dunha crise do propio modelo neoliberal. O interese suscitado por esta conferencia levou a FESGA á súa masiva difusión a través deste caderno, coa intención de contribuír a abrir o debate sobre a necesidade dun cambio de modelo económico.



Entrevista a Mini e Mero

«Fuxan» non se menciona nin nas historias da música porque se nos garda xenreira por dicir o que pensábamos



Xosé Luís Rivas e Baldomero Iglesias, coñecidos popularmente como Mini e Mero, levan máis de trinta anos difundindo o noso acervo cultural a través da música. Mini e Mero representan a coherencia e a honestidade daquelas persoas que non claudican ante as modas e que non están dispostas a edulcorar a súa mensaxe en función dos tempos. Os dous músicos, mestres de profesión, avalían nas seguintes liñas a súa traxectoria desde os seus comezos en “Fuxan os ventos” até “A Quenlla”.

Como foron os vosos comezos na música?

Mini: Nos anos setenta. Éramos un grupo de mozos de aldeas da Terra Cha e do extrarradio de Lugo que estábamos encadrados nas actividades do Frente de Juventudes e que nos reuníamos para cantar en coros. A nosa evolución ideolóxica foi lenta, pausada, mais sempre tivemos os pés na terra. Cando algúns de nós regresamos da mili xa volvemos radicalizados, porque as circunstancias nos levaron a preguntarnos que pasaba na vida, como o feito de facer unha carreira en español e logo darse de conta de que nos contaron unhas películas que non eran certas, ou ter acceso a libros prohibidos ou a descubrir os poetas do exilio. Todo isto conformou en nós un galeguismo que naceu non desde un punto de vista teórico, senón desde un coñecemento práctico. Accedemos á teoría despois de palpar os problemas da xente.

Como estaba o panorama musical galego antes da vosa chegada? Cales eran as vosas motivacións?

Mero: Había grupos que se expresaban a través da música pero non tanto por medio da palabra. A palabra era e segue sendo perigosa. Desde o momento que exerces de cantor cerras, inmediatamente, centos de portas. Un grupo musical galego pode cantar en calquera sitio do mundo. Un grupo que cante en galego está limitado non só á xeografía galega, senón tamén a certos puntos da nosa xeografía. Segue a haber capitais e vilas nas que estás mal visto, que te repudian e, até certo punto, te exclúen das súas festas e programacións. Falo de concellos, institucións e caixas de aforros que “son moi dignas e colaboran moito coa cultura galega”. Os mesmos medios de comunicación tamén exercen de censores.

Mini: Se ti teorizas non es perigoso até certo punto. Ora ben, se teorizas exercendo, iso xa é máis fodido. Podo cantar cancións superrevolucionarias nun medio burgués e non pasa nada. Agora, eu colaboro cun determinado grupo de base e xa te convertes en perigoso se pos a palabra. Fuxan os ventos era un grupo cuncha, que se pechaba en si mesmo, para aguantar as hostias e o xabón, porque recibimos proposicións deshonestas, ademais de moitas hostias. Fuxan non se menciona nin nas historias da música. A nós gárdasenos unha xenreira tremenda, porque demos hostias a destro e sinistro. Nós dicíamos

o que pensábamos. E iso é delito. Isto transcendeu a A Quenlla.

Por que destes por rematado o voso ciclo en “Fuxan os ventos”?

Mini: Por todo o anterior. Imos ver, do 74 ao 80 as cousas están bastante claras: había que conseguir a revolución. A partir do 80 entran os partidos políticos, a democracia, a Autonomía e todo isto se confunde. Entón, a política queda para os políticos e nós témonos que dedicar a namorar (risos).

Mero: Hai quen di que daquela (a comezos dos oitenta) as cousas xa se podían conseguir no Parlamento. Pola contra, a nós aquilo serviunos para radicalizarnos nas nosas posturas. Era un trampa ou semellaba selo. E así foi. A pretensión de Fuxan era volver aos textos de combate, pero modificaron esta inercia. Entón produciuse a ruptura. Fuxan estaba acabado como proxecto pois pretendían que lles cantásemos ás flores.

Como avalíades a música galega do momento?

Mini: Está o problema da posmodernidade. Todo se rexe por modas, por movementos estéticos e somos conscientes de que a nosa está pasada.

Mero: A teoría das modas e de romper co anterior para crear o caos e provocar a atención non é algo novo. O que non pode facer ninguén é chegar a desfacer e deteriorar a música tradicional en beneficio propio para facer un traballo temporal para vender discos.